

**ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª. ECONOMÍA, FACENDA E
ORZAMENTOS, DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2024**

Orzamentos 2025

*(Comparecencia do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación
Profesional)*

(Reiníciase a sesión ás 12.35 horas).

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Bo día a todos e a todas.

Imos proceder a reiniciar esta sesión da comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, que ten por obxecto as comparecencias informativas do goberno galego, verbo do proxecto de lei de orzamentos do ano 2025.

Antes demais, prégolle ao señor secretario que lea a lista de membros da comisión afectos de substitución e recórdolle as súas señorías que, por favor, expresen en alto a quen están a substituír dado o alto grao de cambios.

O secretario da Comisión (señor Santos Costa): Grazas, Bo día.

(O secretario dá lectura á lista de asistentes.)

Hai quórum señora presidenta.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor secretario.

Imos tentar que esta comisión remate antes das 16 h. E dado os precedentes, recórdolles as súas señorías cal é o procedemento. En primeiro lugar, o señor Rodríguez terá en nome do goberno unha quenda de entre 20 e 30 minutos para dar conta do orzamento da Consellería de Educación para o ano 2025, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Despois os grupos terán unha quenda de 10 minutos; novamente o señor conselleiro terá unha quenda flexible, pero non moito, de 10 minutos, e finalmente os grupos teñen unha quenda tamén de 5 minutos final e o señor conselleiro pechará a el mesmo a comparecencia tamén coa quenda de 5 minutos.

Señor Rodríguez xa coñecemos que é unha consellería con moita intensidade, pero non dubidamos da súa capacidade de síntese. Cando queira ten vostede a palabra, señor Rodríguez, por un tempo de 30 minutos.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (señor Rodríguez González): Bos días.

Vista a sutil suxerencia da presidenta, tentarei ser o máis concreto posible, intentarei ser o máis sintético posible e comezo desculpando ao secretario xeral de Universidades, que non nos pode acompañar neste momento por estar nunha visita, neste caso concreto no País Vasco.

Os orzamentos que presentamos son, ademais, da expresión cifrada e sistematizar a dos investimentos nas áreas de educación e ciencia, a mostra a seguridade e as certezas de accións deste goberno. Se algo fai un orzamento é poñer negro sobre branco nas políticas

públicas que estamos desenvolvendo. Este curso e os seguintes, nos concursos ordinarios, con eles vaise abordar progresivamente a maior transformación das últimas décadas do noso sistema educativo. Fomos capaces de adiantarnos, adiantarnos aos desafíos que temos por diante, e ninguén, podemos dicir claramente, está facendo o que facemos en Galicia. Partindo dunha moi boa situación, tanto a nivel organizativo como de resultados avanzamos nun camiño de mellora imparabile, non nos conformamos e damos pasos adiante, con políticas públicas que continúan, se reforzan ou se crean para abordar los grandes desafíos que ten o noso sistema educativo e tamén a nosa sociedade.

Cando falamos de desafíos, falamos por exemplo desafíos demográficos, con varias vertentes. Por un lado, una enorme caída do alumnado nas primeiras etapas da educación obrigatoria, pero que xa é xeral ao conxunto do sistema, e, por outro tamén a realidade de chegada de alumnado estranxeiro. Estas cuestións requiren dun consenso básico, un consenso que conseguimos en gran parte co acordo da mellora do sistema educativo asinado en outubro do ano pasado, que recolle medidas como a baixar a progresiva dos ratios, que comezamos este curso por cuarto de Educación Infantil, ou a baixada da ratio nos agrupamentos, que beneficiarán especialmente as escolas rurais e permiten que Galicia continúe funcionando como un distrito educativo único cos mesmos servizos, programas e resultados moi semellantes no conxunto do territorio.

Con iniciativas como esta, estimamos que nos próximos tres anos se salvarán unhas 900 clases, unha 900 unidades que poderían perigar como consecuencia desta circunstancia. Xa neste curso foron máis de 200. Abordamos outros desafíos como a atención á diversidade, mantendo os niveis de excelencia, que demostra moi distintos indicadores. Temos a terceira mellor ratio alumno-profesor de España, a terceira mellor ratio tamén clase alumno de España. Temos tamén a ratio máis baixa de alumnos de España por profesor en centro de educación especial, 2,6 é a porcentaxe máis alta —son datos do Ministerio— de alumno con necesidades educativas especiais matriculados en centros ordinarios, 93, case 94%, 10 puntos máis que a media española, polo cal ocupamos o primeiro posto en ensino inclusivo do conxunto de España.

Contamos con máis de 5.000 profesionais dedicados á atención á diversidade e a axudar máis a quen máis o necesita. É dicir, aproximadamente un 15% dos profesionais dedícanse á atención educativa específica. Dicir que no curso 8-9 estamos a falar de menos de 2.700. E facemos isto garantindo a excelencia e a calidade. Somos a comunidade autónoma máis equitativa de España. segundo o informe Pisa, en resultados estamos en todas as variables por riba da media de España e da OCDE, sendo os líderes de España en ciencia e pensamento creativo, e reducimos as taxas de abandono escolar de case un 26% no ano 9 ata o 9 % actual.

Nesta axenda de modernización hai unha medida da cal estamos especialmente orgullosos, que é a ponderación do alumnado con discapacidade a efectos de cómputo de ratios, o facemos por 2 ou por 3, en función do nivel de discapacidade acreditado por certificado médico. Estamos diante dunha medida pioneira, única en España, que loxicamente estamos implementando de xeito progresivo, este curso fixemos en todo o

infantil e toda a Primaria, e que supón e require un esforzo enorme de recursos humanos complementarios, que as súas señorías poderán ver plasmado nestes orzamentos cando abordemos o capítulo I.

Tamén actuamos para adiantarnos a desafíos como a transformación dixital da sociedade. Seguimos mantendo grandes liñas de traballo dentro da estratexia A educación dixital 20-30. Continuamos desenvolvendo de xeito integral ás súas distintas liñas, introducindo de xeito real e constatable a intelixencia artificial e impulsamos as competencias dixitais dun xeito democratizador no conxunto do alumnado.

Outras transformacións nas que levamos anos traballando teñen que ver coa Formación Profesional, cos diferentes programas que permiten incrementar a vinculación co mercado de traballo, tamén co tecido produtivo e, por suposto, co tecido da innovación. Estamos ante unha auténtica revolución silenciosa, cun resultados incuestionables en empregabilidade, mellora da oferta e oportunidades para un número crecente de alumnado que bate récords ano a ano e que queremos seguir potenciando con plans como o FPGal 360.

Todo este ecosistema colinda co universitario, que acada as maiores cotas de financiamento a través do Plan de financiamento universitario, con especial atención tamén a renovación das súas infraestruturas, o fortalecemento da investigación e, por suposto, co orzamento necesario para compensar as universidades pola gratuidade na matrícula universitaria, que tamén, como as súas señorías saben, é unha medida pioneira no conxunto de España.

É tamén a primeira vez que unha consellería leva no seu nome á palabra ciencia, no actual, no actual século. E non é casualidade, Galicia conta hoxe cunha panca fundamental: a Axencia Galega de Innovación, xunto a todo o sistema educativo galego, nos seus distintos niveis. Gain, Again, é a punta de lanza e a vangarda desta transformación desta, deste avance, desde a investigación, a innovación e o desenvolvemento xunto ás universidades, o sistema sanitario e iniciativas doutras consellerías.

Imos aprobar no inicio do seguinte ano, do ano 25, un novo plan de I+D+i, un plan transversal no que participa todo o ecosistema investigador de Galicia, con máis de 12.000 investigadores. Fortalecemos a excelencia investigadora coa rede CIGUS, que non só incrementa o seu financiamento, senón que vén de incorporar 5 novos centros das tres universidades.

Damos apoio aos centros tecnolóxicos e de investigación empresarial e reforzamos a supercomputación, a computación cuántica e tamén a biotecnoloxía con investimento sen precedentes que nos van permitir —estou falando do Cesga— situándonos á vangarda a nivel nacional e europeo.

E traballamos na creación dun instrumento para a retención e a captación de investigadores de alto nivel internacional, que complementará todas as accións

estratéxicas da atracción e retención de talento xa existente. Fronte á crispación, a manipulación, ao ruído, a confrontación, este Goberno e eu persoalmente, apostamos polo diálogo e o entendemento como un dos principais recursos políticos. Aí están todos os acordos asinados por esta consellería ao longo destes últimos anos, con todos os que quixeron e demostraron unha altura de miras e interese real por mellorar a vida das persoas e o conxunto do sistema educativo.

Para desenvolver todos estes proxectos, estas medidas de impulso, Galicia vai dispoñer para o ano 25 do maior orzamento da súa historia nestes ámbitos. A consellería supera por primeira vez os 3.000 millóns, en concreto 3.046 millóns, unha cifra que marca un novo récord que se traduce nun incremento de 121,4 millóns de euros respecto ás anteriores contas en termos de orzamento consolidado, un incremento do 4,2%; incremento substancial pese a que é a reorganización da estrutura da Xunta de Galicia levou a que partidas que estaban neste ámbito pasasen a outras consellerías, por exemplo, o transporte escolar á Presidencia, áreas de carácter máis empresarial que estaban na Gain, á Consellería de Economía, ou tamén hai que ter en conta o remate dos fondos MRR. A todo isto, estamos a falar dun incremento de máis de 120 millóns de euros.

O Departamento de Educación continúa a ser o segundo de maior peso da Xunta de Galicia, como todos vostedes saben despois de Sanidade, representa aproximadamente un 20%, case un 20% do orzamento e aproximadamente o 95% destes fondos son fondos propios.

E iniciamos esta nova lexislatura avanzando sobre todo o traballo feito con propostas ambiciosas para continuar impulsando o progreso e a modernización de Galicia. O tempo, señorías, dá e quita razóns. Con estes orzamentos podemos avanzar, imos avanzar na mellora do noso sistema dende a calidade e a equidade; e tamén no reforzo da investigación e a ciencia, buscando novas solucións que permitan mellorar o benestar e a calidade de vida da cidadanía, xerando coñecemento que sexa aplicable o desenvolvemento económico, empresarial e social. En definitiva, una parte significativa do noso futuro depende do que fagamos hoxe nas nosas aulas e no noso laboratorios.

Comezo abordando os orzamentos atendendo ás dúas funcións principais, que son educación e investigación e ciencia. Comezo pola función educación, que acada neste proxecto o seu máximo histórico, 2.960 millóns de euros, 104 máis que no ano 2004, unha subida do 3,6% e un acumulado de crecemento dende o ano 20 de máis de case 500 millóns de euros. Mediante esta función desenvólvense, concrétanse os grandes eixos das políticas educativas que definen o noso modelo: as medidas de apoio ás familias que máis o precisan para poder garantir as mesmas oportunidades a todas as persoas, con independencia da súa renda ou do lugar onde vivan; unha especial atención ao ámbito rural; a adecuación dos recursos humanos, a maior transformación das últimas décadas do sistema educativo para asegurar un modelo educativo inclusivo e de calidade, como demostran todos os indicadores. O mantemento e mellora dos servizos educativos complementarios nos cales Galicia inviste cada día un millón de euros. A innovación, a transformación dixital, o plurilingüismo, a convivencia, o benestar, o impulso á

formación profesional como unha vía útil para as persoas e o tecido produtivo, e, por suposto, o reforzo das universidades galegas é unha gran aposta pola ciencia, a investigación e o coñecemento en eixos estratéxicos de futuro como pode ser a computación, a computación cuántica ou a biotecnoloxía.

En Galicia temos un sistema educativo equiparable ás mellores rexións da Unión Europea. Avanzamos cun modelo propio que os galegos coñecen e avalan, que aposta pola calidade, a equidade, sen renunciar a excedencia e a xeración de igualdade de oportunidades. Sempre queda, por suposto, moito por facer, pero partimos dunha boa situación froito do traballo destes anos. Con orzamentos liquidados e a pesar de que o PIB nos sitúa no noveno posto entre as comunidades autónomas do conxunto de España, estamos entre as primeiras en investimento por alumno, máis de 8.000 euros por alumno, 1.000 máis que a media española.

Sentímonos orgullosos, moi orgullosos de todo o traballo feito e queremos seguir avanzando nesta dirección comprometidos coa mellora continua e autoesixencia. Por iso, desde este curso estamos implementando de xeito progresivo a maior modernización do ensino das últimas décadas, unha transformación da estrutura educativa sen precedentes desde a aprobación da LOGSE.

Insisto, señorías, que o tempo dá e quita razóns e hai quen hai só uns meses negaba estas propostas, as medidas de organización educativas derivadas do ... sindical e hoxe xa se proclaman como os seus máis grandes defensores. Por iso, con coherencia, decidimos brindar por lei e clarificar por lei aquelas propostas de mellora que estamos desenvolvendo e nas que podería e houbo, de feito, discrepancias interpretativas co compromiso absoluto, o seu cumprimento a través da Lei de acompañamento.

Todas as medidas implementadas xa se traduciron nun aumento do número de profesionais docentes ata chegar aos máis de 31.600 pese —insisto— a caída do número de alumnos, especialmente Infantil e Primaria, etapa nas que perdemos máis de 4.000 alumnos e pese a que hai unha caída xeneralizada de alumnos do sistema educativo, temos un maior número de profesores para mellorar precisamente a atención educativa. Isto materialízase, concrétase nun importante incremento nos fondos de educación. Como xa dixen a consellería, tempo o ano 25, se o orzamento máximo da súa historia e vai reforzar, reforza especialmente os recursos humanos no capítulo I.

Con estes fondos seguimos impulsando una formación ao servizo do país das persoas e o sistema produtivo. Este curso, a FP vén acadar un novo récord de matriculación, con 68.823 persoas matriculadas, 4.235 máis que o ano pasado, o dobre das persoas matriculadas que había no ano 2009. O crecemento da FP xa non é só unha cuestión numérica; hai un incremento xeneralizado en todos os niveis, en todas as modalidades e no conxunto do territorio e, por suposto, hai unha oferta máis especializada de maior calidade, que responde as necesidades cada vez máis fortes da alta cualificación das empresas, con propostas como poden ser os propios másters ou as titulacións específica deseñadas desde e para Galicia da alta especialización.

Queremos tamén seguir reducindo a taxa de abandono escolar no conxunto do sistema e para iso a formación profesional nos vai permitir reforzar a orientación vocacional e profesional de todas as persoas e por iso impulsamos o xa presentado no Consello da Xunta para FPgal 360.

O mellor indicador sen dúbida, o mellor indicador desta aposta pola formación profesional é a inserción laboral. Hoxe estamos a falar dun 85% dos ciclos ordinarios, practicamente o 100% nas FP duais, que contrasta co 30% que había no ano 9; é dicir, no ano 9 un 30%, hoxe un 85 nos ordinarios e un cen por cento nas FP duais.

Tamén reforzamos o ámbito universitario, Galicia xa é a primeira comunidade autónoma e única por agora, cun sistema educativo público gratuíto dende a primeira etapa de Infantil ata o remate dos estudos superiores. Neste orzamento habílanse os fondos necesarios para brindar a gratuidade das matrículas, que permite que hoxe teñamos a universidade pública máis accesible de España. Galicia realiza un esforzo extraordinario no financiamento das súas universidades públicas. A través do plan de financiamento volvemos a marcar un orzamento récord, con máis de 538 millóns de euros, un crecemento de case o 5 % un 4,9% respecto ao ano anterior.

Ademais, recóllense os fondos extraordinarios fóra de plan, dentro do Plan de infraestruturas que permitirá mellorar diversos edificios universitarios nos campus galegos, e a construción, entre outras actuacións, da xa presentada nova Facultade de Farmacia da USC.

No ámbito da función científica, apostamos pola mellora da calidade docente, a especialización e tamén á excelencia investigadora e a transferencia do coñecemento. Apostamos pola ciencia para mellorar o benestar das persoas e a prosperidade da sociedade galega. Isto lévanos a función de investigación, que medra 78 millóns de euros ata chegar aos 372 millóns de euros no ano 25, tal como está recollido na memoria, pese que algúns dixeron que no ámbito da ciencia había un recorte. Isto supón un crecemento superior á media dos orzamentos para o ano 25, que demostra o compromiso da Xunta co fomento da innovación e investigación. Elevamos o rango da ciencia para impulsar a competitividade das empresas galegas, atraer talento e fomentado un ecosistema innovador que contribúa ao desenvolvemento económico da nosa comunidade. Fortalecemos un ecosistema de colaboración e transferencia do coñecemento entre as universidades, os centros de investigación, os centros tecnolóxicos e o sector privado. A importancia deste incremento vai moito máis alá dos números ao impulsar proxectos de investigación e desenvolvemento de sectores estratéxicos como a computación cuántica, biotecnoloxía ou intelixencia artificial.

Señorías, paso a continuación a expoñer dun xeito máis sistemático as principais magnitudes do orzamento por capítulos de gasto, por programas vinculados e por unidades xestoras. E comezamos polo capítulo I, polos salarios. Este capítulo aumenta o seu peso no orzamento, un 58,2%, acada unha cifra de case 1.780 millóns, o que

representa un incremento cando se fala de recortes, señorías, representa case un incremento de 90 millóns de euros, un crecemento do 5,3% superior á media da Xunta dun 4,8%.

Cando algúns falan de recortes no profesorado, deberían mirar estes datos, as evidencias; máis profesores, nun contexto de forte caída continuada na poboación escolar, máis de 90 millóns de euros, que, ademais dos incrementos retributivos establecidos pola lei, fará posible continuar coa aplicación das condicións de melloras retributivas pactadas no seu momento. Algúns din que non se avanzou en cuestións salariais con motivo deste acordo, estamos a falar de máis de 30 millóns de incremento. E, por suposto, do resto de medidas de mellora da atención ao alumno con necesidades educativas especiais. A baixada progresiva de ratios e o reforzo do ensino rural. En definitiva, pese a caída demográfica, temos un maior número de profesores e fomos nós, foi Galicia quen decidiu axustar os ratios, non foi polos ratios do ministerio, non foi polos ratios que plantexa neste caso o Goberno de España, a esquerda, senón que o fixemos por vontade propia, e, se non houbésemos feito así, se aplicásemos os ratios do ministerio, os ratios, neste caso da esquerda política, estarían en risco centos, centos de aulas e centos e centos de postos de traballo.

Nesta dinámica xoga un papel fundamental o Plan Mega, o Plan de mellora da atención educativa, un orzamento de 20 millóns de euros que, ademais de ter un importante peso neste capítulo, recolle unha serie de medidas que nos van permitir reforzar o noso compromiso coa excelencia. Xa impulsamos tres programas dos seis que contempla ou promociona O Proa e os centros referentes, e imos implementar ao longo do presente curso os programas de reforzo da competencia lectora e matemática e tamén un plan de apoio educativo para o alumnado estranxeiro.

O capítulo I permite acompañar a creación de prazas e das contratacións para facer fronte ás necesidades ordinarias e as derivadas de novos programas vinculados ao benestar e a transformación dixital, e, por suposto, a formación profesional. Facémolo porque somos autoexixentes, porque cremos na educación de calidade como un dereito universal irrenunciable. Por iso os ratios de Galicia se apartan do ratios do ministerio, sendo moito máis favorables no caso galego. Este Goberno é responsable, seguimos asumindo os custos das decisións tomadas en solitario por parte do Goberno central. Un principio que se reduce ou que se concreta nunha especie de Yo invito y tú pagas, onde primeiro —é o *modus operandi*— o Ministerio aproba unha serie de medidas, o vemos en moitísimos aspectos, e posteriormente ás comunidades autónomas temos que facer fronte ás medidas que aprobou o ministerio baixo esta premisa de Yo invito y tú pagas.

Galicia avanza tamén na renovación do seu cadro de persoal, unha das claves do éxito actual do noso modelo. Dende o ano 2009 convocamos unhas, aproximadamente, 18.500 prazas de novos profesores funcionarios, 18.500 prazas de oposición. Por iso, somos a comunidade autónoma que ten unha menor taxa de interinos do conxunto de España, de interinidade estrutural, nós estamos por debaixo do 5 %, a media de España está en torno a un 24%. E o próximo ano o 25, como xa ten anunciado o presidente Rueda,

convocaremos unha nova oposición, unha nova OPE, correspondente ao ano 2024 o faremos, cun mínimo de 1.600 prazas, que se incrementarán cando coñezamos ás necesidades reais no sistema educativo. Insisto, 1.600 novas prazas que se convocarán pese a caída acumulada ao longo dos últimos anos dun número moi significativo do alumno. Señoría, o incremento do potencial deste capítulo, xunto tamén a caída demográfica, deixa sen argumentos a aqueles que un día si e outra tamén falan de recortes de persoal no ensino.

Se pasamos ao Capítulo II, gastos correntes. Aquí estamos a falar dos gastos que posibilitan, dos investimentos que posibilitan que os 1068 centros públicos que desenvolven a súa actividade en máis de 1.600 edificios poidan operar con normalidade ao longo do curso. Esta partida supón 111 millóns de euros, practicamente estables respecto aos anos anteriores, debido ao forte incremento que tivo nos anos anteriores debido a crise de prezos e debido fundamentalmente a infracción.

Neste apartado non se inclúe un orzamento importante, que si está dentro da función educativa, que é o investimento na rede de transporte escolar, 123 millóns de euros que están na Consellería de Presidencia. A Xunta de Galicia inviste aproximadamente 700.000 euros ao día en transporte escolar, dá servizo a preto de 80.000 alumnos en preto de 4.000 rutas. A potencia deste servizo se ve que Galicia que ten o 5 % do alumnado, sen embargo, ten o 20% do gasto do conxunto de España.

O Capítulo II tamén ten os gastos de funcionamento específicos dos centros educativos, repito, en 1.600 edificios para 1.068 centros. Estamos a falar de 67,6 millóns de euros que acumulan un grande esforzo investidor acumulado dende a pandemia e da infracción, e tamén estamos percibindo unha certa contención dos gastos debido fundamentalmente ao grande esforzo que se está a facer, ao inxente esforzo que se está a facer en obras de rehabilitación e eficiencia enerxética.

É tamén imprescindible seguir incidindo nas políticas máis apegadas ás familias. Por iso seguimos apostando polos comedores escolares. No seu conxunto 61 millóns de euros dedica a Xunta de Galicia aos comedores escolares, onde todos os días comen 62.000 alumnos, entorno a 62.000 alumnos, 11 millóns de menús ao ano, 700 profesionais, entre cociñeiros e axudantes dedicados.

Dedicamos dende a Xunta en torno a 300.000 euros ao día ao servizo de comedores escolares e, por suposto, mantemos as axudas e potenciamos as axudas para as anpas e para os concellos que fan este servizo ou aporta estes servizos de conciliación.

Queremos tamén reforzar estes servizos non só a nivel de investimento senón tamén a nivel de calidade, e avanzaremos ao longo deste curso nun plan de comedores que presentaremos en colaboración con outros departamentos da Xunta de Galicia para dar un mellor servizo ao conxunto do alumnado. En definitiva, si consideramos conxuntamente os servizos complementarios: transporte e comedor escolar, Galicia inviste máis dun millón de euros ao día por cada día lectivo, non é unha cantidade nada, nada menor.

Se pasamos ao Capítulo IV de transferencias correntes, falamos dun 26% do orzamento e falamos de 792 millóns de euros, un incremento do 5 % respecto ao ano pasado. En valores absolutos son unha cantidade que posibilita fixar as transferencias ás universidades. 538 millóns de euros, máximo aporte histórico ás universidades agrupando todas as partidas. E con estes fondos seguimos reforzando un sistema universitario, o sistema universitario con iniciativas como os campus de especialización, se financian os tres campus acreditados; o industrial de Ferrol, o Terra de Lugo e a Auga de Ourense. Se reforza a Rede Cigus, cun incremento do seu orzamento do 31% con 5 novos centros, onde traballan 1.600 investigadores ou o fortalecemento da estrutura da atracción de investigadores por medio das axudas pre e post ...

O programa de investigación universitaria dentro do programa 561 B, recollido neste capítulo e no capítulo VII, supera os 106 millóns de euros, que é o maior investimento da historia. E ademais, tal e como xa adiantou o presidente Rueda, nesta lexislatura imos deseñar e poñer en marcha un instrumento para a atracción de investigadores de alto nivel internacional, complementado con outras accións estratéxicas de atracción e retención do talento. Todas estas propostas, ademais de reforzar o noso sistema universitario, permítenos dar pasos firmes no compromiso de acadar o 1 % do PIB en recursos públicos as universidades galegas, e facelo antes do que establece a propia lei estatal de universidades, a LOSU, que marca como prazo o ano 2030.

A outra gran cifra das transferencias correntes sitúanse na dirección xeral de centros e recursos humanos e dedícase fundamentalmente aos profesionais docentes dos centros concertados que, por suposto, manteñen o dereito a un incremento retributivo en termos semellantes, idénticos aos restantes colectivos docentes. O importe desta retribucións acada os 338,5 millóns de euros que financian o salario dunhas 5.600 persoas, de aproximadamente 5.600 persoas. Finalmente, neste capítulo tamén se encadra outra das grandes partidas, que son as de apoio ás familias; por exemplo, axudas para material escolar 9,6, fondo solidario de libros 14,8, adquisición de libros e material escolar, 7,2 millóns, etc., etc.

Neste capítulo recóllense outras liñas, como as axudas ás familias vinculadas á aprendizaxe de idiomas, a mobilidade e o reforzo das súas competencias, un importe superior aos 6 millóns de euros, ou as bolsas para a mocidade no exterior orientadas a ciclos formativos de FP, que case duplican, ata chegar aos 700.000 euros a cantidade do ano pasado. Queremos avanzar na internacionalización do noso alumnado, abrírlles as portas e darlle máis oportunidades no futuro e, por iso, o impulsaremos ao amparo deste orzamento o denominado Plan Engade Mundo para fomentar os intercambios e a formación educativa e de linguas no exterior.

O capítulo VI, investimentos, estea a partida que creceu con máis forza nos orzamentos dos últimos anos, concentrándose nela unha parte moi significativa dos fondos MRR que este ano desaparecen e que se compensa nunha gran parte coa chegada de fondos propios que absorben a maior parte da baixada destes fondos europeos. Estamos a falar de 136

millóns de euros, e con estes 136 millóns de euros seguimos a ser a consellería que ten porcentualmente unha maior capacidade investidora da Xunta de Galicia. Isto permitiunos, estanos permitindo realizar dende o ano 21 unha transformación sen precedentes das infraestruturas educativas a través do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica. Durante a súa vixencia levamos a cabo 2.700 intervencións cun investimento que chega ata os 278,3 millóns de euros. Serviunos para múltiples proxectos de reforma, de ampliacións, de obras, ampliamos 43 centros, temos novos centros. En definitiva, unha transformación, un investimento sen parangón nos últimos anos no ámbito das infraestruturas educativas.

E o próximo curso presentaremos un segundo plan, un segundo Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica cun investimento inicial, que partimos dunha base de máis de 200 millóns de euros. Nestes orzamentos tamén se recolle a partida correspondente ao ano 25, que imos implementar nesta neste segundo Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, que supón 70,7 millóns de euros, un 12,8% de incremento respecto ao ano anterior.

Con estas actuacións, no próximo período imos dar remate a moitas actuacións plurianuais, ampliacións de varios institutos, como Eduardo Pondal en Santiago ou o Aquis Celenis en Caldas, o Pasteuriza de Arteixo, Fontecarmoa en Vilagarcía, o Pedro Florianí en Redondela, novos centros que xa están en proceso, como o Milladoiro en Ames en proceso de adxudicación, 10 millóns de euros; o instituto de Navia cun investimento de máis de 14 millóns de euros, estase a piques de rematar a redacción do proxecto; o novo instituto de Pereiro de Aguiar case 10 millóns, 9,3 millóns de euros, e múltiples obras de rehabilitación; Colexio do Seixo en Marín, o Alfredo Brañas en Carballo; o Arcebispo Xelmírez en Santiago, ou ... na Coruña, Santo Tomé en Cambados. E así poderíamos seguir cunha lista moi moi abundante. E isto o facemos sen achega específica dun plan nacional...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): A título informativo, señor Rodríguez xa excede de hai un cacho ao seu tempo.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (señor Rodríguez González): Vou bastante ben este ano señora presidenta, tentarei acotar o máximo posible.

Dicía todo isto, pese a que diferentes comunidades autónomas, de diferentes cores políticos e incluso do Partido Socialista, lle reivindicamos ao ministerio que aporte un fondo europeo específico, un plan nacional específico de mellora dos edificios educativos, so en Galicia estamos a falar de 1.600 edificios, unha media de 50 anos, e unha situación moi semellante no conxunto de España.

Tamén con este capítulo vamos a desenvolver as accións máis relevantes no ámbito da FP. Neste caso, queremos seguir traballando na estratexia galega de FP; mellorar plans como FP e seguir continuando con plans como FP Innova, FP conecta, avanzar na

innovación potencial, tendo un decreto pioneiro no conxunto de España, as patentes e a propiedade industrial do alumnado de FP; desenvolver o vencellamento coas empresas a través do programa Innova Tech, fomentar o uso das tecnoloxías innovadoras e seguir dotando aos centros con materiais e recursos innovadores no ámbito da simulación, da realidade virtual e intelixencia artificial para preparar ben aos nosos xóvenes de hoxe, que van ser os nosos profesionais de mañá.

E este curso comezaremos a desenvolver o Plan de orientación Profesional integral o FP Galicia 360, que xa aprobamos en Consello da Xunta, 24 millóns de euros, e co cal queremos que ningunha persoa e a maioría de idade sen ter unha cualificación que o habilite para o desempeño dun labor profesional.

Seguimos, por suposto, apostando pola transformación dixital do ensino, a extensión de novos equipamentos e proxectos dixitais para favorecer as competencias dixitais de todo o alumnado. Adiantámonos á transformación dixital. Temos ferramentas dixitais innovadoras, reforzamos novas propostas como novas propostas como Creagal ou o Agora dixital para potenciar e impulsar as competencias Stein, as competencias dixitais. Temos un novo programa dirixido ao alumnado de educación primaria para favorecer o uso correcto ás novas tecnoloxías. E continuamos traballando na definición do proxecto Edugaria para incorporar de xeito efectivo a intelixencia artificial da xestión educativa.

No próximo 20-25 e o amparo deste capítulo tamén, culminamos o desenvolvemento da estratexia de convivencia escolar, o plan integral contra o acoso e o ciberacoso; teremos unha nova ferramenta de sondaxe para medir mellor o clima de convivencia; presentaremos un plan de coeducación, que incluírá a renovación do protocolo de atención educativa á diversidade e a identidade de xénero e comezaremos a desenvolver algo moi interesante, a ferramenta Engade Orienta, unha ferramenta para mellorar a xestión dos recursos de atención á diversidade.

Finalmente, tamén potenciaremos as ensinanzas do profesorado, que é o plan de profesorado, cun incremento do mesmo dun 9,4%, chegando case os 8 millóns de euros. A formación e perfeccionamento do profesorado é fundamental.

No capítulo VII —e xa vou rematando, señora presidenta— temos as transferencias de capital, 233,9 case 234 millóns que é o máximo crecemento de todos os capítulos un 8,7, fronte ao 4,8 xeral de Galicia. Aquí falamos fundamentalmente das transferencias á Axencia Galega de Innovación, unha Axencia galega, un AGAIN, que ten un orzamento de case 120 millóns e que é a punta de lanza da investigación, do desenvolvemento da innovación tecnolóxica. Marcámonos como obxectivo fortalecer dun xeito integral o ecosistema investigador, facendo dende as universidades, dende os centros CIGUS, apoiando centros tecnolóxicos como CTAG, ... e outros, aos centros de investigación empresarial como Mestrelab, Borgwarner, e outros, ou tamén as fundacións sanitarias.

Imos desenvolver accións moi específicas e moi concretas para potenciar a supercomputación, especialmente supercomputación cuántica e a biotecnoloxía. Creo que

xa todos os coñecen, o forte investimento que imos desenvolver no CESGA, 56 millóns de euros, nun novo edificio, pero máis importante é o que alberga, novas infraestruturas de computación cuántica, un novo supercomputador e un novo sistema de almacenamento e, por suposto, o novo plan de I+D+i que presentaremos a principios do ano 25, e que servirá para mobilizar a ciencia, o coñecemento e a investigación, a transferencia e innovación na Galicia do presente, coa vista posta na Galicia do futuro.

E xa remato facendo unha última reflexión, presentamos unhas contas que medran e que chegaban ao máximo histórico para favorecer e acompañar a transformación de Galicia dende a educación e a ciencia e a ciencia. Facémolo cuns orzamentos sen precedentes que son o fundamento de propostas ambiciosas e transformadoras que poñen no centro as persoas e a visión dunha Galicia mellor e con máis futuro, asegurando una educación de calidade, innovadora, un dereito universal baixo aspectos como a inclusión e o benestar do alumnado, e que fomentan unha sociedade baseada no respecto na tolerancia e na convivencia. Educación innovadora, aberta, con miras internacionais, que conxuga a creatividade coas competencias dixitais e que garante da igualdade de oportunidades.

Unhas contas que potencia a formación profesional en calidade e especialización e reforzan a redacción entre a formación e o mercado laboral, promovendo unha capacitación adaptada ás novas demandas para todas as persoas. Unhas contas que estreitan os vínculos entre universidades e centros tecnolóxicos e impulsan a ciencia e investigación para mellorar a calidade de vida e xerar coñecemento aplicado ao desenvolvemento económico e social. Unhas contas que nos permiten crecer dende a estabilidade e que son uns resultados de anos de rigor na xestión e de uso eficiente dos recursos, uns orzamentos, os maiores da nosa historia, estratéxicos e cribles para transformar Galicia dende as aulas e a ciencia.

Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor Rodríguez. Pasamos agora á quenda dos grupos parlamentarios, en primeiro lugar por parte do Grupo Mixto ten a palabra o señor Ojea.

O señor Ojea Bouzo (M): Grazas presidenta.

Agradecemento ao conselleiro e ao seu equipo pola súa presenza.

Dicía que non tiña precedentes estes orzamentos, dende o punto de vista cualitativo polo menos si que hai un precedente, o precedente de que a provincia de Ourense sempre foi a menos favorecida polos orzamentos, e ségueo sendo. Ou sexa que polo menos desde ese aspecto cualitativo si que hai moitos precedentes. Esperemos que non o siga habendo.

Mire, vostede coñece cal é o logotipo do noso partido, que está integrado no grupo mixto, ten a forma da provincia de Ourense, que estou seguro de que recoñece, ademais, parécese a unha bolboreta e esa é a razón pola que no noso partido estamos aquí tratar de reverter

un pouco esa situación segundo a cal a provincia de Ourense e sempre se lle deixa de lado nos orzamentos da Xunta e, polo tanto, en todos os aspectos da xestión, porque, como vostede dixo ao principio, os orzamentos son a expresión numérica das intencións do Goberno.

Entón, aquí teño o EXCEL que se nos facilita a nós e a todos os cidadáns que queiran acceder á web da Xunta de Galicia coas cifras, cos números. Entón vou facer algunhas lecturas só ao azar, porque son aproximadamente 100 partidas. E desas 100 partidas hai, imos ver cantas, hai 9 que levan ao cen por cento do orzamentado á provincia da Coruña e 7 a de Pontevedra. Na provincia de Ourense, a porcentaxe global de investimento na provincia de Ourense é do 9,99% do orzamento total desta Consellería de Educación, Ciencia y Universidades e Formación Profesional á provincia de Ourense —vou falar nestes termos territoriais leva o 9,99, nin sequera achegou 10, nin sequera chega ao diezmo que se lles daba aos relixiosos no pasado— e a provincia de Pontevedra leva o 50,70%, ou sexa que a metade de Galicia é A Coruña en termos orzamentarios, máis da metade, porque son o 50,70. Despois van o 28,34 Pontevedra, e o 10 tamén, unha cifra comparativamente bastante máis pequena que é a da Coruña para Lugo. Pero a máis pequena é sempre Ourense 9,99% do presuposto vai para esa provincia.

E agora vou falar dalgunhas partidas concretas, por exemplo, falaba da inversión en investigación e fomento da Asociación de Promoción e a Investigación Universitaria, Provincia de Ourense cero patatero; Provincia de Lugo cero patatero —o de patatero é unha expresión coloquial que estou seguro que o entenden—, Coruña 70% invisten no universitario. Logo promoción dos idiomas do que tamén falou, Ourense, 11%, entre o 10 e o 15 son máis ou menos todos as porcentaxes en cada partida que van por Ourense; Coruña o 54%.

Temos, eu que sei, miren partidas nas que a provincia de Ourense non leva nada, basta vira mirar aquí no EXCEL e xa se ven, temos por exemplo 9,43 % na adquisición de equipo, equipamento de Secundaria. A única partida que está repartida co 25% en cada provincia, a única, é esta de sinalética, integración sinalética nos centros públicos —poñía carteles nos centros secundarios, imaxino que tamén terá a súa importancia— pero era a única na que se ve unha certa equidade no reparto, desde o punto de vista do territorio, das provincias.

Mire, hai outra partida aquí: campaña de promoción e difusión das ensinanzas da música, Conservatorios e Escolas de Música, na Coruña cen por cento, ergo o resto das provincias, 0 %, nada para Ourense tamén, etc., etc. As únicas dúas partidas que superan, nun dos casos o 25 %, e noutro caso o 26 xa é algo excepcional no conxunto das 100 partidas aproximados de que consta este EXCEL, son relacionados coa FP, redimensionamento da oferta de FP 2025, que leva o 26% en Ourense e formación do profesorado de FP, que leva un 22%;. Son estas únicas dúas partidas de 100 —digo cen aproximadamente, conteinas antes, noventa e algo, por simplificar— ou sexa o 2 % das partidas leva digamos o que lle correspondería en principio en termos territoriais á provincia de Ourense, un 22 e un 26 %.

Logo outra partida, por exemplo, as que non levan nada son un montón delas, soporte xeral de defensa de centro... todo para Coruña, etc., etc.

Hai aquí unha partida, que vou felicitar desde aquí ao alcalde de Pereiro de Aguiar, porque aquí hai unha partida de ampliación do Instituto Ben-cho-shey en Pereiro de Aguiar, de 300.000, aí si que vai —espero— non sei se terá que ver coa condición de presidente da deputación de Ourense dese alcalde, en todo caso, felicidades para el porque oxalá en todos os centros da provincia se conseguise o mesmo. Volvo dicir, non estou criticando que polo feito de ser presidente da deputación do PP consiga a iso o seu concello, oxalá o fixeran ou fora así en todos os casos e non soamente dun alcalde de peso específico no Partido Popular da provincia, que, por certo, é presidente do partido nesa provincia.

E quero dicir con isto vou insistir, voulle dicir tamén, por exemplo que a Universidade, que Ourense tivo que pelexar polo campus, foi a única provincia que non lle veu dado o Campus, por iniciativa dos propios gobernos, tivo que ser a, xa hai uns cuantos ano, a cidadanía que saíra á rúa nunha das maiores manifestacións na historia da cidade para conseguir un campus. Pois sigan apostando por ese campus que segue sendo bastante menos dotado que o resto dos campus da comunidade. Póñanse en contacto co alcalde por ampliar esas obras dos outros graos que están en marcha, etc, etc.

E logo voulle dicir unha cousa, mime un pouco máis a Ourense, porque, mire, no informe do outro día do Instituto Galego de Estatística somos como a aldea de Astérix, que resistimos aí falando galego. A partir de aí imos iniciar a reconquista, así como na Edad Media a reconquista empezou desde Asturias, que resistiron alí; Ourense está resistindo no tema do galego, desde dende Ourense pódese reiniciar a reconquista do galego en toda a comunidade, sí o miman un pouco, se miman un pouco nese aspecto, neses colexios, neses institutos, sobre todo do rural seguen os rapaces falando un galego ademais un galego cun acento, cunha fonética galega auténtica que dá gusto oídos. Entón mime tamén un pouco, aínda que só sexa por esa razón mimen un pouco á provincia de Ourense. E nestes presupostos nestes orzamentos se aínda se poden, aínda se poden mellorar nese sentido, senón seguiremosllo recordando que para que o fagan canto antes, nos restantes presupostos e nas modificacións de crédito que se podían facer sucesivamente.

Non vou seguir lendo máis partidas porque son públicas, todos, todos vostedes poden facer as lecturas en termos numéricos. Podería facer moitas comparacións punto a punto que poderían aparentar incluso ser escandalosas, pero como temos máis tempo ao longo da lexislatura seguiremosllo recordando.

Falou de desafíos demográficos, efectivamente, hai un desafío demográfico importante na provincia de Ourense, sei que iso leva a elevación das ratio profesor-alumno, co cal, por un lado é negativo porque implica o feito de que se está despoboando a provincia, por outro lado é positivo no sentido de que, si a menos alumnos correspóndelle máis profesor, iso pode redundar na calidade do ensino e ao mellor no futuro ter unhas consecuencias positivas. Pero, así a bote pronto, a interpretación a curto prazo é dunha despoboación da

provincia, a cal loxicamente non é responsable, ou polo menos non en todo responsable a súa consellería, pero si os seus gobernos anteriores entre os cales hai a inmensa maioría de goberno do seu partido.

Eu non me vou a espallar no tempo que me asinan, a min me din 10 minutos, a desviación típica pode ser dun minuto ou dous, pro 10 ou 15 xa me parece exaxerado. De momento nada máis, señor conselleiro.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas señor Ojea.

Pasamos agora á quenda dos socialistas de Galicia o señor Abalde cando queira, ten votede a palabra.

O señor Abalde Alonso (S): Bos días, señor conselleiro e a todo o equipo da consellería que, que veu toda, completa, apoiar ao conselleiro.

Tamén saudar á presidencia da Comisión e á Mesa.

Señor conselleiro, como comprenderá en 10 minutos contestar a esta avalancha de datos, algúns deles contraditorios, repetitivos é bastante complicado desde unicamente 10 minutos, e sen ademais ter coñecemento máis alá do que aparecen nos presupostos, que algunhas das cuestións que aparecen nos presupostos non coinciden co que vostede di aquí, o dixo hoxe aquí. Polo tanto, vai ser un pouco complicado. Polo tanto, vou intentar poñer grandes, digamos, visión xerais máis que entrar polo miúdo a cada un dos datos, aínda que nalgúns datos entrarei polo miúdo.

En primeiro lugar, creo que neste momento ou unha situación que vivimos despois da pandemia, despois da situación problemática, desde o punto de vista da subida do IPC que vivimos como consecuencia dos conflitos, tanto en Ucraína como como en Gaza, creo que estamos nun momento económico a nivel global e tamén desde o punto de vista de ingresos pola Xunta de Galicia, para facer realmente unha aposta, unha aposta decidida, unha aposta ambiciosa por sectores que son estratéxicos para o futuro de Galicia, e creo que na súa consellería están dous ou tres dos sectores estratéxicos máis importantes para o futuro de Galicia, como é a formación, como é a capacitación, a investigación e a formación de coñecemento, e como é tamén a formación profesional. Creo que aí neses tres campos, son onde Galicia se xoga o seu futuro.

E, polo tanto, críamos e pensabamos que ían ser uns presupostos nesta consellería expansivos máis alá da función nominal de dicir que son os maiores da historia, só faltaría, se simplemente por aplicación do IPC teñen que ser os maiores da historia, Todo o mundo ten máis ingresos e, polo tanto, tamén ten máis gastos. Iso corresponde, iso non é dicir nada, dicir que son uns maiores da historia. Pero a realidade é que mentres o presuposto xeral da Xunta de Galicia medra un 6,5% ao xeral, o presupostos da consellería en global aumentan un 3,96%. Polo tanto, se une de novo a unha perda de peso específico da Consellería de Educación na súa globalidade con respecto aos anos anteriores.

E non imos poder comparar neste momento porque se produciron cambios desde o punto de vista de estrutura orgánica dentro da consellería, algunhas competencias desapareceron desta consellería e apareceron outras como pode ser Gain, e, polo tanto, é difícil comparar a niveles absolutos, pero a realidade é que desde o punto de vista de subida global a consellería perde, perde peso.

E, ademais, o conselleiro nos di continuamente que estamos ante a maior transformación do sistema que é un antes e un despois desta situación do sistema educativo, de facer, digamos, desafío aos retos demográficos, pero despois a realidade do día a día, señor conselleiro, creo que non se corresponde, creo non, estou seguro que non se corresponde con esas manifestacións grandilocuentes.

Vostede di que hai aquí un diminución da ratio-profesor, número de alumnos de ratios por aulas, consecuencia do descenso demográfico, fundamentalmente, pero iso non é nada polo que alegrarse, iso é un tema problemático, é un tema que temos que traballar, é un tema que a consellería tiña que telo como o seu primeiro obxectivo, intentar desde a consellería, desde as políticas das consellerías, conseguir ese equilibrio entre a docencia, entre a calidade da educación que se organiza dentro das cidades, das vilas, dos pobos da zona rural e da zona urbana. Zona rural onde en ocasión, falando co tema da diversidade, en ocasións non hai alternativa a que os nenos con problemas educativos ou con problemas de diversidade poidan ir a outro sistema que non sexa ao público. Polo tanto, o público ten que ter un esforzo, facer un esforzo moi importante para conseguir iso.

Resulta curioso que vostede compare o número de alumnos que había con necesidades especiais no curso 2008-2009 esta querencia que teñen vostedes por comparar o que fixo o bipartito, que non debía facelo tan mal porque o catálogo seguen usando o mesmo do bipartito 16, case 16 anos despois. E di vostede que había 2.500 profesores especialistas no sistema educativo, neste momento hai 5.000, o dobre, ¿cantos alumnos con necesidades especiais había no 2009? e ¿cantos hai agora? seguro que é moito máis do dobre, moito máis do dobre. Polo tanto, ese gran número de 5.000, ao mellor queda que en porcentaxe ao en ratio respecto aos alumnos con necesidades especiais queda nunha situación autenticamente ridícula con respecto a tempos anteriores.

Por certo, vostedes sempre falan de ratios, a min gustaríame que cando dixeran a ratio dun colexio, separaran a ratio respecto ao número total de profesoral e o ratio de alumnos con necesidades especiais respecto ao número de profesorado de necesidades especiais, porque iso é claramente diferenza. Vostedes meten todos os alumnos iguais no numerador e todos os alumnos iguais no denominador.

E, por certo, ou unha cousa que sempre é recorrente aquí que son as taxas de éxito. As taxas de éxito ou do fracaso escolar no 2010 era nin en Galicia o 23% e agora son o 9 % pero que no Estado no ano 2010 eran o 28% e agora son un 13%. Había 5 puntos de diferenza entre Galicia e do Estado, e agora hai só catro. Polo tanto, esa evolución é unha evolución normal por mellora do sistema educativo. ¿Sabe que sistema tiña unha taxa de

éxito practicamente cero? O franquismo, porque a maioría dos rapaces non estaban escolarizados e, polo tanto, non computábanse para este tipo de cuestións.

Polo tanto, vostedes anuncian aquí o Plan Mega, iso si, llo teño que recoñecer, son magníficos buscando nomes, aspectos publicitarios, empaquetan marabillosamente para que pareza que isto é a leche.

O Plan Mega son algúns dos proxectos que xa estaban en marcha; vostedes xa tiñan un proxecto para temas de comprensión lingüística, competencias matemáticas. Por certo, na súa memoria o seguen mantendo fóra do Plan Mega, pero realmente o Plan Mega non é máis que unir dous programas máis aos de títulos centros, digamos, con iniciativas innovadoras, mais o reforzo do profesorado como consecuencia dos acordos e empaquetalo dentro dos proxectos que están desenvolvidos a través do Goberno central, como son a comprensión matemática, a comprensión lingüística, o Programa Proa, o Programa Aula 4.0 máis o Programa de Educación inclusiva, os empaquetan aí e poñen o Programa Mega que o cuantifican en 20 millóns de euros cando o Goberno central cede cerca de 17 millóns de euros para eses programas.

Por lo tanto, a min benvido sexa, pero o que hai que dicir é a realidade iso. Exactamente igual que o caso de FP. Vostedes anuncian aquí, digamos, unha nova FP360, pero están desaproveitando a nova oportunidade para facer un esforzo claro por actualizar non soamente a Formación Profesional desde o punto de vista da incorporación da dual, senón tamén o mapa de ciclos que temos en Galicia.

O mapa de ciclos que temos en Galicia que teñen que responder as necesidades de formación para a incorporación ao terreo laboral en función das zonas xeográficas onde nos atopemos. E temos que ter en conta que os centros de Formación Profesional non existen en todos os concellos, temos situacións en concellos onde ... e un CIP e non hai ningún centro de formación profesional para que os alumnos poidan facer simplemente ciclos de grao medio, nin sequera no CIP se establecen posibilidades de que haxa eses CIP.

Polo tanto, creo que un momento importante para facer un salto cualitativo na Formación Profesional aproveitando precisamente a posta en marcha desta nova lei educativa. E, por certo, teñen fondos que veñen do Goberno central en torno a 18 millóns de euros precisamente para poñer en marcha ese programa, esa posta en marcha desa nova lei educativa. Por lo tanto, creo que en Formación Profesional tamén se están perdendo as oportunidades para, digamos, facer unha nova formación profesional moito máis adaptada ás necesidades. Continuamente estamos falando con sectores produtivos onde din que existen neste momento carencia de man de obra especializada. Polo tanto, moitas veces son ciclos básicos, ciclos ao que se chamaban anteriormente oficios e que neste momento non se encontra posibilidade para que poidan contratar ese número de especialistas.

Polo tanto, vostede di tamén que é un feito histórico, que se van salvar 200 aulas neste curso de pechar, pero a realidade é que o número global de unidades neste curso segundo

dixo vostede na comparecencia, foron dúas aulas a maiores respecto ao ano anterior, dúas, o cal significa que o que están facendo é repartindo efectivos dun lado a outro; desaparecen aulas nuns centros e aparecen aulas de desdobre noutro. Polo tanto, non hai unha produción efectiva dese incremento, dese profesorado, que ese profesorado, que nos tememos que máis que o profesorado de plantel, profesorado de plantilla, sexa profesorado substituto que se contrata no mes de setembro, e se rescinde o contrato no mes de xullo. Iso non é garantir a calidade do plantel de profesorado da nosa educación.

Simplemente dicía que eu lle quería dar...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Ten que concluír, señora Abalde.

O señor Abalde Alonso (S): Simplemente lle quería dicir unha cuestión que a min paréceme que é importante. Vostede dixo aquí que tiña investimentos reais de 130 millóns de euros, cantidade investimento. Eu vexo o documento do propio plan, e aquí aparece un resumo que di 96 millóns de euros de investimentos reais, 96 millóns de euros, non sei os outros 38 millóns ¿onde iran? ¡Ah!, por certo deses 96 millóns de euros resulta que dos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia son 22 millóns de euros, e dos fondos finalistas do Goberno central son 6 millóns de euros. Se sumamos o Feder, son outros 10 millóns. É dicir, a consellería pon en investimentos reais 61 millóns, menos diso, 60 millóns. Ese é o esforzo real da Xunta de Galicia para investimentos reais en educación.

Despois xa falarei de universidades cando chegue a réplica.

Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor Abalde.

Pasamos agora á quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández.

A señora Fernández Davila (BNG): Grazas presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Señor conselleiro, ¿vostede pensa que todas as miles de persoas que participaron na manifestación deste sábado convocadas pola Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público menten? ¿Cren na consellería que todas as familias non teñen outra cousa que facer que ir ás mobilizacións pensando que só é algún acto social?

Aproveito a estas preguntas para saudalo e para saudar tamén a todo o seu equipo que participan hoxe nesta comisión. Como é habitual, pois vostede vén explicarnos non só as partidas orzamentarias, senón tamén as liñas de actuación que van ser a súa prioridade

para este ano, 2025, xustificado tamén así os gastos que van facer, pero tamén para vendernos una Galicia que aposta pola educación, que está á cabeza do resto das comunidades autónomas do Estado. Terá tempo na súa intervención despois, espero, para contestarme a estas preguntas que lle acabo de facer. Porque as realidades paralelas non se sosteñen no tempo. E hai unha frase do escritor Carlos Ruiz Zafón, que vén moito a conto co que acontece agora no ensino público, que é: « La mentira máis efectiva es siempre una verdad a la que se ha substraído una pieza clave. » Si a nivel global o orzamento de educación sitúase detrás do de Sanidade, en capacidade económica. Tamén é certo, hai que recoñecelo, que hai un incremento maior que nos últimos anos, no 23 e no 24, nesta ocasión é dun 4,05 %, que non garante o incremento de recursos no ensino público. Despois, tamén é certo, de 15 anos sen actualizar todos aqueles importes que eran precisos.

Levamos dende o mes de abril traendo a este Parlamento as cuestións urxentes para o ensino público, para mellorar a situación dos centros, do alumnado, das familias que miran con desesperanza como os seus fillos e fillas están matriculados en centros que terminarán sendo aparcadoiros para aquel alumnado que ten algunha discapacidade, algunha necesidade específica de apoio educativo, porque sen os recursos que precisan non van avanzar tanto a nivel persoal como a nivel educativo, e verán con frustración como compañeiros e compañeiras van a un ritmo diferente na súa clase. E xa o fixemos con tempo dabondo para garantir a un bo comezo de curso, pero en abril era moi cedo para vostedes, así nolo dixeron as persoas que intervirá no Parlamento, en setembro, xa era tarde porque as decisións se ve que vostedes xa tiñan tomadas.

Trouxéronse por parte do BNG, problemas como son a necesidade de que todo o alumnado dispuxera de libros de texto e material escolar o primeiro día de clase sen necesidade de facer ningún impreso e pasar por burocracias; mellorar e ampliar os servizos de conciliación, facían falta máis comedores escolares ao aulas matinais que estivesen integradas como servizo complementario; aumentar os cadros de persoal docentes e tamén nos equipos de orientación con máis PT ou AL, e coordinar mellor as súas funcións con outras consellerías aos servizos.

Instamos tamén a mellorar o acordo cos sindicatos, aquel famoso de outubro de 2023 que vostedes chaman de mellora educativa, que dicíamos claramente que era un simple maquillaxe para ocultar a falta de efectivos docentes que tiña os centros nese momento.

Instamos ademais a mellorar as instalacións dos centros galegos que precisaban obras, non soamente de eficiencia enerxética, senón ximnasios que non tiña, autorización de interiores, etc. E vostedes ¿que fixeron? aportar datos e máis datos, como hoxe, como noutras ocasións que ten estado nalgunha interpelación tamén. Vostedes soamente estaban implicados, sobre todo, coa dixitalización polos creativos e tamén coa intelixencia artificial, esquecendo, eu creo que, o máis importante de todo o que é o que necesita o alumnado, que sobre todo algo básico como como os profesores. E agora aterran con este orzamento de 2025 do que se pode intuír que as cousas non van mudar practicamente en nada. As políticas educativas que desenvolven na súa consellería teñen

unha liña ben clara, vén definida de desvío do investimento á educación privada-concertada, igual que na sanidade.

Bueno, pois vostedes coas súas accións fan ver á poboación ao final de que se hai menos recursos, se están peor organizados na pública, ao final terán que optar pola ensinanza privada, igual que acontece agora cos seguros sanitarios privados, se non nos atenden nun sitio teremos que optar porque nos atendan noutro.

Así atopámonos cos 3.046 millóns de euros que se sacan agora no seu orzamento, cunhas partidas que levan a maior parte destes recursos e o custo do persoal docente, o capítulo I, como dicía vostede, pero de todas elas a que máis medra co persoal de Secundaria e Formación Profesional, un 5,18 %; e aos mestres, por exemplo de Infantil e Primaria, cun 5,59%.

¿Vostede pensa que con esa diferenza vaise contratar ao profesorado necesario para unha atención de calidade para todo o alumnado, e sobre todo aquel máis vulnerable aquel alumnado con necesidades específicas? Nós cremos que non. Parece mentira que neste momento se estean adxudicando 30 millón de euros, nada máis e nada menos, para contratar profesorado de relixión, pois mentres se carece de apoio e reforzo educativo especializado para ese alumno vulnerable, para ese alumno que máis o precisa, iso si reduce os fondos para a súa formación, formación docente me refiro, algo fundamental en áreas como a diversidade, igualdade, a violencia machista, o acoso escolar ou a violencia nas aulas.

Por suposto, as aulas matinais non aparecen para nada no seu orzamento, os comedores escolares figura unha partida que ten un aumento do 2,47%. Este vai cubrir a suba de todos os produtos alimentarios básicos que estes anos anteriores no se fixo, pero non permite asumir a xestión de novos comedores en centros que o precisa ou aqueles que están en mans dos concellos ou das ANPAS.

As axudas para as familias permanecen dende hai anos conxeladas e estas deben seguir asumindo un custo a principios de curso, que cun salario precario e tendo en conta con todos os custos doutras partidas que teñen que asumir as familias: alugueiros, hipotecas, enerxía, transporte públicos, carburantes, etc.

O apoio aos concellos é ínfima, aumentan a partida para a xestión dos comedores, vostede o dixo, que asumen sen pensar que estas partidas, esta xestión está a producir una discriminación para estas familias que son usuarias dun servizo con maior custo que en centros onde vostedes o xestionan directamente.

Pero os concellos tamén asumen outras cuestións como son o mantemento dos centros de Infantil e Primaria e aquelas grandes obras que vostedes, polo motivo que sexa, pois se están negando a facer e que por urxencia eles teñen que asumir. Igual que no caso dos conservatorios, para os que non poñen un só euro, aínda sendo ensinanzas regradas e cuxa

competencia regra exclusivamente na súa consellería. Hai concellos que a súa xestión teñen que asumir un custo de máis dun millón de euros. Non é unha broma.

As partidas de investimento en melloras e reformas dos centros educativos soben apenas 3 millóns de euros. Seguramente vostedes teñen pensado utilizar fondos europeos, aí a tutiple, pero son totalmente insuficientes para as edificacións tan antigas e que precisan de distintas obras, non soamente de eficiencia enerxética senón ampliacións, novos servizos, etc.

No que respecta ao orzamento de universidades, o que destaca é o continuísmo. Hai un aumento do orzamento en 22,7 millóns de euros que supón un 5,7 % máis. Pero que se debe maioritariamente a compensación por esas matrículas gratuítas que vostedes este ano publicitan

Dito isto, e celebrado calquera subida nas universidade pública, evidentemente o orzamento universitario seguen lonxe de cubrir as necesidades que as tres universidades galegas teñen, xa que partimos dun punto moi baixo que provocou que estas mesmas universidades tivesen problemas para facer precisamente fronte ao gasto estrutural das mesmas. Estas realidades, xunto coa baixada da investigación universitaria, pois hai que problemas como a remuda xeracional do noso sistema público de universidades sexa cada vez máis difícil. Do mesmo xeito, seguimos lonxe da porcentaxe que ..., supón en base do PIB se o comparamos con países que están próximos a nosa comarca.

Con respecto ao orzamento de investigación, I+D+i en termos xerais, o conxunto do programa, 561A que vostede tamén fixo referencia, o Plan galego de investigación, pasa dos case 200 millóns aos case 214 cando o señor Rueda —se se acorda— tiña anunciado 20 millóns máis e non alcanza esa cantidade. Non só reducen o importe que din, senón que o recortazo que vostede negaba antes que lle fan o GAIN a Axencia Galega de Innovación ascende a 48 millóns de euros pasan dos 267 aos 119 millóns, que non compensa en ningún caso aos pírricos 2 millóns que asigna en Universidade.

Transfiren ao Igape 46,7 millóns de euros dos cales 35,4 millóns son transferencias de capital a empresas privadas, deles 22 millóns de euros son fondos FEDER á fábrica intelixente, e 10 millóns a estratexia de intelixencia artificial; 7 millóns de mecanismo de recuperación e resiliencia e 2,5 de fondos privados.

Eu creo que con estes datos queda claro que están baleirando as competencias precisamente do GAIN e repartindo os seus fondos con outro organismo e outra consellería. A Investigación en Medio Rural non medra, na do Mar, Sanidade, mingua o investimento en 2 e 3 millóns de euros respectivamente, un balance eu creo que é totalmente negativo señor Rodríguez. Polo tanto, segundo dicía Zafón, algo están suprimindo na súa versión para conseguir unha verdade a medias que agora se converte claramente nunha mentira.

Grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señora Fernández.

Pasamos agora á quenda do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, señora Vázquez.

A señora Vázquez Suárez (P): Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día, señorías.

En primeiro lugar, quixera dar a benvida ao conselleiro e ao seu equipo por estar hoxe nesta comisión 3ª para explicar polo miúdo e desbrozar, e na casa de todos os galegos e galegas os orzamentos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. E vaia por diante, señor conselleiro, o agradecemento do Grupo Parlamentario Popular a vostede e a todo o seu equipo, polo inxente traballo realizado para deseñar a estratexia do seu departamento para o vindeiro ano.

O próximo ano Galicia vai ter o maior orzamento da súa historia, que ascende a 13.954 millóns de euros, un reforzo especialmente claro das áreas que máis afectan ao benestar das persoas: a sanidade, a educación, as políticas sociais e o emprego, para o que se destina unha cifra que alcanza os 10.227 millóns de euros.

Para visualizar un pouco a envergadura do crecemento dos orzamentos de Galicia, nos últimos cinco anos medraron ao redor dun 37%, o que nos permite afirmar que Galicia vai polo bo camiño, que tomou decisións acertadas e que hoxe pode investir no seu futuro.

Este Goberno non depende de chantaxes para poder desenvolver o seu proxecto político e isto permítenos estar á cabeza, en apoio ás persoas. Atopámonos diante das contas máis importantes da historia de Galicia e tamén as máis altas da historia do Departamento de Educación, que, como dicía o señor conselleiro, supera por primeira vez os 3.000 millóns de euros ata a cifra de 3.046 millóns, un incremento de 121 millóns de euros respecto ás anteriores contas. Este proxecto económico enmarca as directrices da Xunta de Galicia e do Partido Popular, pois sitúa ás persoas, como dicía, no centro, para asegurar o benestar da sociedade e particularmente das futuras xeracións de galegos e galegas. Estes orzamentos reflicten a resposta os importantes desafíos que se está afrontando dende o ámbito educativo, demográfico, tecnolóxico, de mobilidade das persoas, e isto permite asegurar o benestar de todas as persoas e garantir tamén un sistema educativo inclusivo. Ademais, tamén desmontan por completo a propaganda da oposición que da bloquesfera, porque aquí xa escoitamos que este departamento perde peso, xa escoitamos a palabra recortazo e tamén a palabra propaganda.

Pero hai algo claro, que son os números, as cifras, en definitiva, as evidencias. Vemos un relato cargado de ideoloxía por parte da oposición, pero o que non vemos é que se aporten datos. Desmontase a propaganda da oposición cun orzamento que, como dicía, medra en

121 millóns de euros respecto a este ano, e que no caso do Capítulo I, con respecto aos salarios, medra en 90 millóns de euros. ¿Isto significa? que hai máis recursos, que hai máis profesores e, polo tanto, máis a atención.

Nós pensamos que o ensino se defende con máis recursos e coa xestión axeitada, non con bandeiras nacionalistas ou palestinas tal e como vimos esta fin de semana. Temos a maior cifra de profesores da historia, concretamente 31.603, nun momento no que temos menos alumnado, especialmente na Educación Infantil e na Primaria.

Vostedes falan de inclusión, de apoio ao alumnado, pero o conselleiro hoxe deu un dato demoledor que desmonta todos os bulos. Hoxe Galicia ten uns 5.000 profesionais dedicados á atención á diversidade; é dicir, máis de 5.000 persoas cunha función específica de apoio ao alumnado vulnerable e especialistas en pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, coidadores, etc. E digo que unha función específica porque todo o profesorado ten entre as súas funcións asegurar o benestar de todo o alumnado. Non é algo exclusivo duns profesores e doutros non.

Por iso, con total sinceridade, a máxima humildade, estou convencida de que hai unha aposta clara pola inclusión e pola excelencia na educación. E, como dicía, aí están as evidencias. Con vostedes fracasaba un de cada cinco alumnos, o que significaba o 26% do alumnado. Agora temos unha das menores taxas de abandono escolar, menos do 1 de cada 10, en concreto, un 9,1 % do alumnado. Somos a terceira comunidade coa ratio máis baixa de España. Todas as comunidades autónomas nas que gobernan vostedes actualmente están por enriba de estas ratios. E, como xa dixen en diversas ocasións, son datos do ministerio, non son datos do Partido Popular. Tamén temos a ratio máis baixa de alumno-profesor nos centros de educación especial. Con vostedes os resultados eran peores. Hoxe estamos por enriba da media española e da OCDE en todos os parámetros que mide PISA. Somos líderes en ciencia e pensamento creativo.

Di que apoiaban ao ensino rural, nunca se pecharon tantos centros como no bipartito, nunha lexislatura de 2005 a 2009, pecháronse 103 centros, que dá unha media do 20 por ano, iso sen unha caída demográfica como a actual.

Vostedes tamén din que apoiaban ao alumnado, pero Galicia é hoxe a comunidade máis equitativa de España, segundo os datos PISA. E temos un ensino gratuíto desde infantil ata rematar a universidade, que con vostedes non existía. De feito, somos a primeira comunidade que o fai.

Señora Fernández, dicía vostede que levaban dende o mes de abril dicindo que menos profesores, que menos aulas etc. Eu recórdolle que o curso empezou o 11 de setembro e no mes de abril aínda non están pechados todas as cifras.

Con vostedes tamén a matrícula en Formación Profesional roldaba os 30.000 alumnos, en concreto 34.746, hoxe superamos o 68.823 alumnos. Estas son evidencias, son datos, señor Abalde, definiuno vostede como avalancha de datos, efectivamente, é unha

avalancha de datos porque os hai. Estes datos veñen das fontes do ministerio, de Pisa, que eu como dixer, non nos cansaremos de repetir. E vémoslos moi enfadados e iso non é mala cousa, significa que algo debe estar a facer ben este Goberno e, se están a tomar as decisións axeitadas.

Temos uns bos resultados porque o Goberno galego está poñendo en marcha proxectos, unha transformación histórica da estrutura para adecuala á realidade das próximas décadas e garantir a excelencia e a equidade, con baixada de ratios, baixa de ratios nos agrupamentos, ponderación do alumnado con necesidades educativas especiais, que ademais parten do acordo, do consenso. Ademais desenvólvese o Plan Mega para reforzar matemáticas, lectura e apoiar ao alumnado estranxeiro, presentase o novo plan de arquitectura pedagóxica para continuar actualizando os colexios e institutos. E, por certo, o PSOE votou en contra de que o Goberno central apoiarse aos concellos e gobernos autonómicos nesta tarefa. Señor Abalde, unha vez máis o partido por encima de Galicia.

Tamén renóvase o cadro de persoal cunha nova OPE e avánzase na Estratexia de educación dixital de Galicia e un plan de financiamento estable para as universidades. Mellórase a convivencia e asegúrase que nos centros haxa tolerancia cero contra a calquera conduta de acoso, plans, programas e protocolos. E, a colación disto, gustárame recordar as desafortunadas palabras da señora Pontón no Pleno da semana pasada, nas que non amosou moito respecto ás familias frivolisando co bullying. Ese é o modelo, e outro é o do Partido Popular, cun plan integral contra o acoso escolar e ciberacoso que ten como prioridades escolas seguras, inclusivas e respectuosas, erradicar o acoso en todas as súas formas e fomentar o desenvolvemento integral de todo o alumnado, brindándolle as ferramentas necesarias para previr e enfrontar o acoso escolar.

Tamén, como dicía o conselleiro, é a primeira vez que se eleva o termo ao ciencia ao nome dunha consellería. Isto xa se reflicte nestas contas. A investigación en Galicia incrementa o seu peso nos orzamentos ata acadar os 372 millóns de euros no ano que vén, uns fondos cos que se vai avanzar na creación dunha ferramenta que reforce a retención e captación de investigadores de alto nivel internacional, uns fondos cos que xa se está avanzando no reforzo da supercomputación de Galicia como un referente, cun investimento que superará os 56 millóns de euros. Uns fondos que avanzan no fortalecemento do ecosistema de tecnoloxías cuánticas e aos centros de xeración de coñecemento. Pero volvemos ver a unha oposición que continúa no pasado, vemos unha posición cun discurso moi vello e algo desorientada, que non parece asumir o lugar onde os colocaron os galegos e ás galegas.

O conselleiro puxo en valor unha cuestión que creo e quero volver a poñer enriba da mesa: a credibilidade. Temos un Goberno galego que é crible, que fai o que di e di o que fai, ese é un valor moi importante, un Goberno que chegou a moitos acordos nestes últimos anos,...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Ten que ir concluíndo, señor a Vázquez.

A señora Vázquez Suárez (P): ... —remato xa señora presidenta— ¿a cantos acordos chegou a CIG ensino? A cero. E isto demostra quen apoia realmente ao ensino.

E xa para rematar, en definitiva, os orzamentos que presenta a Xunta de Galicia para o próximo ano reflicten un compromiso firme coa educación ou benestar social e a estabilidade do futuro en Galicia.

Máis nada e moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señora Vázquez.

Pasamos agora de novo a quenda do Goberno galego para o que ten de novo a palabra o señor conselleiro para dar conta das inxerencias dos grupos nun tempo flexible de aproximadamente 10 minutos. Sen máis, xa lle deixo aproveitar o tempo.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (señor Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que, de xeito habitual deste tipo de debates, escoitamos os mesmos argumentos e as mesmas críticas por parte da oposición, dá igual que as contas vaian para arriba, para abaixo, para dereita, pola esquerda, sempre sole haber as mesmas críticas. Eu entendo que os recursos lle parezan insuficientes, a min tamén me parecen insuficientes. Non coñezo ningún responsable político ou público que lles parezan que ten de sobra. Non, sempre hai que ser ambiciosos, pero de aí a dicir que estamos recortando cando os datos cuantitativos desmenten calquera afirmación deste tipo, eu creo que hai un treito moi longo.

Eu sempre digo tamén nestes debates que na política pública, en calquera política pública, non é tanto o que se ten, senón o que se fai co que se ten, non é tanto o que se ten, e neste momento creo que temos máis que nunca, senón o que se fai co que se ten, que é o que realmente importa e impacta aos cidadáns, e fai mellorar un sistema e fai mellorar a educación. E creo que aquí, pola súa parte sempre recúen falar de resultados educativos, nunca escoitei aos partidos da oposición, falar de resultados educativos, do que realmente facemos para mellorar a educación ou mellorar a investigación en Galicia.

Ao final creo que o tempo sempre dá e quita razóns, e que é moi complicado, señorías, é moi complicado manter a idea de que estamos en pleno período ou nunha auxe dos recortes, se levamos anos medrando ano a ano os orzamentos de educación, levamos pola súa parte anos, moitos anos seguidos perdendo o alumnado. E creo que estamos ante unha serie de argumentos, moitos contraditorios e moitos que chocan coa realidade, con poñerse á fronte do espello chegan claramente.

Eu creo que sobra bastante manipulación, falsidades, eu escoitei algunhas, agora se chaman bulos, na literatura política, e tamén sobran moito, intentar retorcer os datos. Vemos tamén que hai un cambio de opinión, unha evolución da opinión, o cal celebramos, que haxa esa evolución da opinión respecto a un dos eixos vertebrais deste inicio de curso que é a aplicación do acordo que posibilita unha reforma da estrutura territorial laboral do sistema educativo, como nunca se fixo dende a LOGXE e que, se non se fixera, teríamos un risco certo de un peche de unidades, porque o ratios que mantén á esquerda no conxunto de España non se comparan para nada aos que temos en Galicia, porque nós asumimos esa baixada.

É claro, tamén existe unha secuencia, primeiro se fai unha crítica feroz, despois se pide que se cumpra e despois se di que é propaganda. E cando o que se di que é propaganda se ve materializado, negro sobre branco, se di que é insuficiente. Iso é un *modus operandi* que se veu dende sempre. Creo que ao final fronte a esta situación e fronte a esta postura, eu creo que o goberno ten demostrado que ten proxectos, que ten liñas de impulso, que queremos asegurar unha liña de resultados tremendamente positivo para o sistema educativo. E claro, eu creo que ás veces dá a sensación de que vostedes co seu discurso deben pensar que os galegos van aos biosbardos, supoño que saben o que é os biosbardos, pero non aquí os galegos non andamos aos biosbardos, sabemos perfectamente o que é verdade do que é mentira, ou cando se intenta manipulados intenta lanzar algún...

E todo isto o digo porque vostedes fan o seu discurso en base a recortes e perda de calidade, son os seus dous mantras, recortes e perda de calidade. E cando, efectivamente, imos aos datos reais, non se sostén. Temos un curso con moito menos alumnos e con moitos máis profesores, temos máis atención á diversidade, temos o maior orzamento dos últimos anos, temos proxectos para seguir mantendo o nivel, e creo que as nosas propostas, que algunhas enumeradas outras xa coñecidas, responden ás necesidades actuais e aos desafíos do futuro. Porque, obviamente, nós non estamos cambiando de interpretación cada pouco tempo, sabemos onde estamos, sabemos onde queremos ir, e todo isto o facemos sempre mantendo aquilo que funciona ben, adaptándose ao que funciona ben, e dando novos impulsos, é dicir, novas propostas de impulsos.

E digo isto e xa entro nas cuestións concretas dos portavoces, porque ao escoitalos a vostedes algunhas cousas me sorprenden. O portavoz do Partido Democracia Ourensana, eu podo entender que Ourense é unha provincia dun peso demográfico cativo, que non ten o nivel de desenvolvemento que teñen outras provincias, e iso é certo e o compartimos e debemos traballar precisamente para intentar que haxa un maior equilibrio territorial sen dúbida algunha iso é fundamental. Agora, dicir que non se fai nada non é verdade. Mire, no Campus as dúas últimas carreiras que se implementaron son intelixencia artificial e aeroespacial, dúas xollitas da Corona. Campus Auga, 3,2 millóns, estamos financiando a construción do edificio do aeroespacial que solicitou, e, como tiña poucos recursos houbo que licitalo de segunda.

En obras e intervencións se fixeron moitísimas ao amparo do novo Plan de arquitectura pedagóxica que dixen antes temos, aproximadamente, 32 millóns de euros investidos nos diferentes centros de Ourense.

Na segunda fase do plan, efectivamente, hai un gran investimento que é o Instituto de Pereiro de Aguiar, pero eu lle quero dicir unha cousa: vostede case díxose aquí que o facemos porque o señor Luis Menor é alcalde dese concello, e voulle dicir un dato para que non haxa o menor tipo de dúbida: efectivamente, neste concello, que é un concello periurbano da cidade de Ourense, onde se está asentando moita poboación xoven, como vostede ben sabe, hai un crecemento demográfico significativo. E efectivamente, estamos ampliando un colexio e facendo un instituto, ampliando un centro e construíndo un centro novo.

Pero, mire, aquí en Ames —onde non goberna o Partido Popular e aquí hai representantes do seu partido, do partido que goberna en Ames— sae facendo exactamente o mesmo, se vai construír un centro novo e se vai ampliar un centro existente cun investimento moi potente, a ampliación do centro existente. Entenderá que nós non podemos tomar decisións en base ao color político do alcalde de turno, porque o alcalde pode ser moi do PP ou moi amigo meu, pero se non ten alumnos non podemos facer nada ou viceversa. Co cal, o exemplo de Pereiro, se pon ao lado Ames, toda esa insinuación que fixo se derrete como un azucarillo. Simplemente o digo para que non queren ningún tipo de dúbida.

E despois tamén hai unha cuestión e teño que dicila, vostede plantexa aquí que en materias de universidades hai 0. É unha cuestión de cómputo, as dúas universidades da Coruña leva, porque as sedes está en Coruña, que se compute aí o maior investimento e en Vigo, na provincia de Pontevedra, pero o Campus de Santiago, o Campus Terra de Santiago, Campus de Lugo, os investimentos que se fan aí, digamos, na contabilidade están en Coruña, igual que os que se fai en Ourense está na provincia de Pontevedra, iso é algo soamente técnico. Pero non se pode dicir que non se inviste nada en investigación; na universidade no Campus de Ourense hai moitos predoc e postdoc nos grupos de investigación e centros de investigación que son financiados na súa maior parte pola Xunta de Galicia, co cal, igual que o Centro Barreiro, que é unha referencia para o conxunto.

Digo isto porque, para que non pensemos, compartindo con vostede que hai que apostar máis por aqueles territorios tamén que máis o precisan, non se pode dicir que está así a hermo, como vostede dixo.

Respecto ao que plantexou o portavoz do Partido Socialista, eu teño que dicir que non perden peso relativo estes orzamentos, porque os da Xunta son un 3,8, da Consellería son un 4,2, pese a que o transporte escolar, unha partida tremendamente significativa se vai para a Consellería de Presidencia.

Fracaso escolar, citou vostede, eu creo que o fracaso escolar se resume con tres datos, porque unha cousa é o que dicimos e as percepcións e outra cousa son os datos. No goberno de Fraga, cando rematou Fraga deixou fracasos cal nun 23, cando rematou Touriño había un 26 e hoxe hai un 10%. No momento do Goberno bipartito, con maior achega ás veces de recursos, mal planificados, obviamente, ao sistema educativo non foron capaces de pagar o fracaso escolar, é máis, se incrementou o fracaso escolar, e iso creo que é unha eiva porque hai moi poucas cousas máis inxustas socialmente que enviar a un neno ou unha nena á rúa sen ningún tipo de titulación, porque iso estámonos metendo nun os itinerarios vitais francamente complexos. Creo que, se algo ten traballado e queremos seguir traballando co FPG-360 é en evitar o fracaso escolar e que todos os nenos saian cunha titulación que os habilite para entrar no mercado laboral, para que os habilite para entrar no mundo do traballo pola auténtica xustiza.

Tamén dicía duns dos alumnos con necesidades educativas. Vou dar un dato tamén, os alumnos que había nos centros de educación especial no ano 9 era 1.202; no ano 24-25 1.359, é dicir, non hai un incremento brutal. E, como xa dixen antes, o número de profesionais dedicados á educación especial ten medrado moitísimo, moitísimo nos últimos anos.

Igual que a crítica que se plantexa neste caso a Formación Profesional. Levamos dous anos desenvolvendo o Plan Conecta FP, con múltiples reunións polo territorio, a nivel sectorial, a nivel territorial en comarcas con sectores, un incremento do 9.000 prazas novas con novos ciclos adecuados ás demandas. Creo que todos podemos compartir a idea de que que existe no ambiente, de que hai pouca xente para traballar e non hai xente que saiba traballar e aí é onde traballa a FP, fundamentalmente, para formar a aquelas persoas que son demandadas e requiridas polo mercado laboral. De feito, as taxas de empregabilidade hoxe 85, o cen por cento respecto as que había no bipartito, 30% falan as claras de que se ten feito, se ten traballado moitísimo. Que ser que temos que seguir traballando e mellorando, por suposto, pero os ciclos de especialización, os propios master, as titulacións específicas, a renovación dos currículos, creo que estamos nunha liña que francamente positiva onde a FP ten enganada moitísima confianza por parte dos sectores produtivos porque, se non, non se pode entender como pasamos dun 30% que estaba no lo ano 9 ao dato actual, é porque hai unha adecuación ás demandas, hai un interese porque os alumnos que se forman non perdan o tempo, que se inxectan no mercado laboral e que deamos oportunidades ás persoas.

E despois, efectivamente, vostede ten aí un erro de concepto. O balance entre unidade de Infantil e Primaria son máis dous, pero, se non se houbera aplicado o acordo coa redución de ratios tanto un cuarto de Primaria como nos desdobres houbésemos podido pechar entorno en base aos criterios preexistente e máis de 200, co cal, creo que é un dato francamente clarificador dos aspectos positivos que ten tido, ten e terá máis no futuro porque isto se aplica de xeito progresivo o acordo.

Respecto ao que nos di o Bloque Nacionalista Galego, falo de realidades paralelas. Eu simplemente quero dicir que cando a administración fala...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Se pode ir sintetizando...

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (señor Rodríguez González): Si. Vou rematando.

... ten que falar con datos. Eu señoría, os datos que din, a inmensa maioría dos datos que plantexei, están nestes informes, que son do ministerio ou sistema estatal de indicadores da educación, cando falo do número de profesores, cando fago de inserción laboral, cando falo de todos aqueles aspectos que para vostedes é unha rede paralela están aquí publicadas. Eu supoño que coñecerá a estes datos que os poderá haber, e poderá ver sempre o número relativo onde está a Galicia dentro das comunidades autónomas do conxunto de España. E vai ser moi raro, moi raro, moi raro, que tope algunha variable no datos e cifras, ou no sistema estatal de indicadores, moi raro que tope algún dato onde Galicia estea por debaixo do cuarto, quinto posto no conxunto de España. Rarísimo, algún haberá, por suposto, pero na inmensa maioría está ocupando postos ...

Aquí poderá ver o que se inviste, o que non se inviste, a nosa posición, a nosas dinámicas, os resultados, todo o que hai. Igual que cando se fala de calidade, eu aí non teño máis que sorprendeme. Calidade educativa, por exemplo, podémolo ver aquí, fíxense, no ano 2009 no bipartito todas as variables que se evaluaban en Pisa, Galicia estaba por debaixo da media española. Hoxe somos os primeiros de España en dúas moi importantes, en pensamento creativo, das máis importantes que hai, e en ciencias. En pensamento creativo debemos estar en terceiro aproximadamente, segundo os terceiros, en Ciencias primeiros xunto con Cantabria. E somos os primeiros en equidade, e non o di este goberno, o din informes, como dixeran antes, dun ministerio ou informes internacionais, os primeiros de equidade. Que importante é a equidade en calquera política pública. pero unha cousa é decidilo e outra cousa é logralo. Unha cousa é o que se di e outra son os datos que materialízanse, ou que estamos a facer. E por encima da media en matemáticas son competencia de toda ou no ámbito do plurilingüismo hai un informe internacional que nos sitúa dentro das competencias en inglés como os primeiros de España, sendo España un país débil no ámbito competencial.

Ou cando nos fala vostede tamén de atención ás necesidades educativas especiais, xa dixeran algúns datos, os profesionais que existen, máis de 5.000 na rede, un 15%, o ratio alumno-educación especial Galicia é o mellor ratio 2,6 profesionais, 2,6 profesionais por neno...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Recórdolle, señor Rodríguez os seus votos de síntese.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (señor Rodríguez González): Tentarei rematar.

E, por suposto, tamén dos profesores especialistas que dedicamos. E me parece unha falta de respecto, o que vostede dixo aquí de aparcadoiros para nenos, me parece unha falta de respecto aos 5.000 profesionais que están traballando precisamente para facilitar a inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais dentro das súas aulas. Creo que iso é unha frase que non lle fai xustiza a vostede nin tampouco o seu grupo, sinceramente o creo y creo que é un certo exceso verbal pola súa parte.

Obviamente o Bloque sempre nos fala das súas teimas á privatización, a relixión, etc., etc. Mire, vostedes tiñan máis porcentaxe de alumnos concertados durante o bipartito que nós. Cando vostedes estaban no goberno, tiña practicamente os mesmos profesores de relixión que nós. E hoxe á esquerda, hai moi pouco a ministra Alegría dixo que tanto Sumar como o PSOE ían subirlle o diñeiro ás concertadas, saíu nos medios de comunicación hai moi pouco. Creo que eses mantras está moi ben. E a verdade é que vostede tamén vive nunha realidade paralela cando bota as contas do gran capital, digo as contas do gran capitán, porque realmente di: é que hai máis profesores en FP e menos en infantil. Claro, é que vostede se esquece deliberadamente porque senón xa non entendería nada de que hai unha variable, que son os alumnos. En infantil os alumnos só neste ano baixan 4.000 alumnos, en Infantil e Primaria moitos máis se facemos o acumulado e en FP os últimos dous anos medramos case 10.000. É obvio que ten que medrar máis en FP ao profesorado e ten que haber menos profesorado que en infantil. En todo caso, creo que iso é unha cuestión absolutamente premeditada.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Síntese señor Rodríguez.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (señor Rodríguez González): Si, entón xa remato agora, señoría, presidenta, perdón, e falar do recorte de Gaín, non hai ningún recorte de Gaín simplemente cambian as competencias dunha área para outra. Nós somos un Goberno unido, non temos que andar pelexando cos veciños do lado. Entendo que o Bloque cando goberna sempre goberna en coalición ou case sempre goberna en coalición e sempre pensan que a administración son gobernos estanco. Non, non, un goberno non é estanco. Esta competencia está agora nunha parte en empresa e outra parte nesta consellería. Iso non quere dicir que haxa algún recorte, ao revés, hai un incremento acumulado do 14%.

En todo caso, señorías, eu como lle dixen antes, e vostedes deben pensar que están ou que estámonos nos biosbardos, non é así nin moito menos, e creo que estes orzamentos, que sempre poden ser mellores, por suposto que poden ser mellores, por suposto que me gustaría máis...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Señor Rodríguez por favor remate.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (señor Rodríguez González):... pero a verdade é que nos están permitindo dar resposta aos desafíos que temos, e sobre todo, fan moi difícil manter algúns mantras políticos

vencellados aos recortes ou a perda de calidade, porque sinxelamente son una franca mentira.

Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas señor Rodríguez.

Pasamos a quenda dos grupos parlamentarios por un tempo máximo de cinco minutos. Señor Ojea, ten vostede en nome do Grupo Mixto a palabra.

O señor Ojea Bouzo (M): Grazas, presidenta.

Tratarei de ser breve porque penso que todos vostedes están xa pensando naquilo de ... orzamentario.

O señor conselleiro. entre outras cousas, falou do que se está facendo en Ourense, eu tampouco dixen que non se estivera facendo nada, pero todo o que vostede dixo que estaba facendo se se compara, que é do que se trata, co que se está facendo so en Coruña, en Santiago e en Vigo e en Pontevedra, case só basta con dar un paseo.

Mire, sen saber nada de orzamentos nin de cifras, un cidadán calquera que pasee por Santiago, que pasee por Coruña, que pasee por Vigo, que pasee por Pontevedra, que pasee por Ourense, e no caso das universidades polos seus respectivos campus, non fai falta máis para ver a diferenza abismal de investimentos, porque vese, porque canta, canta a vista. Chega un a Santiago e so ver a Cidade da Cultura, iso xa canta vista. Entón, aquí falouse repetidamente de datos obxectivos, de que os orzamentos non están ideoloxizados, etc., etc. Mire, menos ideolóxico que os números eu penso que non hai nada, porque aquí vese claramente nas comparacións que fixen antes, pero no cómputo global, 9,99%, para a provincia de Ourense, fronte aos 50,70% da Coruña; 28 10 respectivamente e as outras dúas provincias de Pontevedra e Lugo.

A ver, 9,99% do presuposto do orzamento, iso canta por si solo, non sei, mentres os números expresen á realidade da maneira obxectiva que o expresan, non sei se nesas investigacións que están agora fomentando desde a Universidade algún xenio da matemática encontrará a outra maneira de orzamentar e de representar economía que non sexan números. Ao mellor encontra aí algunha entidade, eu que sei, diferente, ao mellor os próximos orzamentos de dentro duns 50 anos, non se fan con números e fanse ...ou cun ou outra entidade matemática, pero de momento temos números, e os números cantan, cantan claramente.

Mire, voulle, eu xa sei que vostede, a súa consellería, carga coas consecuencias da mala xestión das outras, porque, claro, vostede ten que facer colexios, ten que organizar o transporte público, etc., etc., e claro, a maior parte dos problemas que ten a súa consellería é consecuencia da despoboación, ter que botar man do transporte público porque non hai

colexios ou institutos no lugar habitual de residencia por falta de poboación, ter que baixar a ratio de alumnos por profesorado, polo mesmo, ter que manter abertos cos seus correspondentes gastos, os da consellería e os do concello, en colexios e entidades de ensino con poucos alumnos. Xa digo, ten unha vantaxe nun aspecto que é que eses alumnos en teoría deberían ir mellor formados que os que forman parte de aulas máis grandes pero en primeira lectura, esa é unha consecuencia da mala xestión.

Mire, voulle propoñer un exercicio para que tamén llo diga aos seus compañeiros de goberno, entre en Google Maps ou Google earth dun destes programas, nunha destas aplicacións que se pode ver a superficie do planeta desde alturas diversas, pónase por exemplo a uns 200 ou 300 metros ou 100, os que fagan falta de viaxe virtualmente pola provincia de Ourense e polas outras tres. Fíxese nun detalle concreto os tellados das casas. Se vostede viaxa virtualmente a una altura simbólica desde que poida ver os tellados das casas, vai ver que na provincia de Ourense hai un montón, pero un montón de casas sen tellado, de casas sen tellado. Ou sexa, porque iso vese mellor desde o aire, loxicamente, e sen embargo, das outras provincias non, é un exercicio que llo propoño porque eu teño feito; iso, loxicamente ten unha razón de ser: a despoboación. ¿Porque se despoboaa a provincia? Porque non hai traballo. ¿Por que non hai traballo? Porque non hai investimentos das entidades públicas...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Vaia rematando señor Ojea.

O señor Ojea Bouzo (M): ... ou porque non hai facilidades para ubicar ás empresas

Mire, unha última cousa, se me permite, presidenta, dixo que falou dun concello no perímetro da cidade de Ourense que está aumentando a poboación e por iso se invisten en centros de ensino. Mire, nomear o perímetro hai outro concello, que é o de Barbadás, que tamén está pedindo un instituto, pero non vou pensar que, como a do PSOE non llo fan, e sinxelamente deixar ese dato.

Nada máis. Grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor Ojea.

Pasamos a quenda do Grupo Socialista, señor Abalde cando queira.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor Ojea.

Pasamos a quenda do Grupo Socialista, señor Abalde cando queira.

O señor Abalde Alonso (S): Señor conselleiro, agora contestación para a miña intervención me confirmou todo o que dixen porque eu a estas afirmacións que di vostede de acusacións en ningún momento o dixen publicamente aquí nesta comisión nin sequera as verbas que a representante do Partido Popular, señora Vázquez, puxo na miña boca, non dixen moitas desas cuestións.

Pero si que vou agora intentar dicir algunhas cuestións que creo que neste maremágnum de datos se quedan totalmente escondidas. Imos ir, Plan de financiamento das universidades galegas. Vostede anunciou aquí que vai chegar a 538 millóns de euros; Fondo estrutural 275 millóns de euros; Fondo estrutural no ano 24, 274 millóns de euros. Se supón que con ese fondo estrutural se van pagar as nóminas dos profesorados e o persoal da Administración ao servizo das universidades. Como vostede sabe, o incremento do salario deste ano para os funcionarios é dun 3 %, 2,5 % máis o 0,5 % que hai que aplicar do ano anterior.

Polo tanto, ¿como van facer fronte ás universidades a esa subida salarial que non se ve representada no plan, no fondo estrutural? Pero, despois se analizamos todos os fondos e hai pequenas subidas e incluso hai algúns fondos que baixan, porque os fondos que se reparten entre as universidades de forma non condicionada, excepto ao fondo de investigación medra medra pouquísimo. ¿Onde están os vinte tantos millóns de euros que soben? nos 9,3 millóns de euros da matrícula dos graos, por certo, fondos que xa recibían as universidades por outra vía e agora se desvían desa outra vía que se recibe e aos 10 millóns de euros dos fondos de infraestruturas. Iso é os 20 millóns de euros que soben no plan de financiamento. Polo tanto, o resto do plan de financiamento non medra, non medra ao financiamento cara as universidades, iso si, medra ao financiamento do capítulo de investigación e a universidade e tampouco non é para tirar cohetes, que pase de 104 millóns a 106 millóns de euros.

Por certo, unha parte moi importante deses fondos non van para a universidades, van para institucións como CETMAR, como CIF e, polo tanto, se está producindo unha redución, unha perda efectiva de fondos como consecuencia do IPC e da subida salarial. É dicir, as universidades reciben menos diñeiro real que recibían o ano anterior, menos diñeiro real.

E xa non imos falar do tema das taxas, aquí vostedes vendéronse as taxas universais para todo. Sabe, señor conselleiro, vostede ten que saber cantos alumnos vanse beneficiar deses 9,3 millóns de euros, como moito, como moito, en caso de que todos fixeran Humanidades e Ciencias Sociais, 15.000, dos 50.000 alumnos de grao que temos en Galicia. Polo tanto, universal, ¿para que? Para algúns soamente.

E outra parte, Gain, efectivamente, por suposto. Por certo, a min gustaríame que esa afirmación que fixo vostede de que a Xunta, todos os departamentos da Xunta, de todas as consellerías actúan coordinadamente, me gustaría, porque a miña experiencia non é exactamente esa; pero efectivamente, se produce unha baixada importantísima, dun 30% menos. O presuposto de Gain son 119 millóns de euros. ¿Canto destinar deses fondos para o CESGA? 40 millóns de euros, ou corenta e tantos millóns de euros, polo que vin. É dicir, practicamente o 45 % do presuposto de Gain vai para o CESGA. ¡Ah!, pero o CESGA, ese centro de supercomputación que vostede nos comenta, ¿canto fondos europeos ten? Dos 52, 53, creo que son 48 ou 49, polo tanto, non son fondos da Xunta de Galicia, non son fondos imputados a este presuposto, senón dunha convocatoria que saíu

a nivel nacional onde Galicia se levou o 75% dos fondos, por certo, dunha rede de centro de supercomputación.

Polo tanto, que peito botan fóra, cando o presidente da Xunta de Galicia dixo que: nesta lexislatura a ciencia vai ser unha aposta decidida pola ciencia, pola ciencia, polo coñecemento e pola investigación. O 65% ou 70% da investigación en Galicia se fan nas universidades. ¿Como van soportar as universidades esta situación, porque os fondos que están recibindo non compensa nin sequera a subida das nóminas? Lle recordo que o capítulo I das universidades galegas o ano pasado eran 416...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños: Ten que ir rematando, señor Abalde

O señor Abalde Alonso (S): ... —remato— 416 millóns de euros, se lle aplicamos a subida do 3 % pasas a 429 millóns de euros; lles quedan as universidades de todo o plan de financiamento incondicionado 3 millóns de euros, e despois vostede saca aquí peito dicindo que van a construír a Facultade de Farmacia, non, autorizaron a que a Universidade de Santiago se endebede en 10 millóns de euros para poder construír a facultade, porque vostede aportan 10 millóns de euros para todo o sistema cada ano durante catro anos. Iso si, venderon o plan cando se firmou o convenio e agora venden o plan cada vez que se constrúe, por exemplo, Aeronáutica de Ourense. Non é serio, señor conselleiro, non é serio e iso é o que pon dúbidas sobre a realidade dos presupostos, porque os presupostos teñen unha parte moi importante de cuestións que non se sabe moi ben que se dan e que se modifica. E, polo tanto, deixémonos de grandes anuncios, deixémonos de manifestacións grandilocuentes, vaíamos a realidade. Por certo,...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños: Conclúa, por favor.

O señor Abalde Alonso (S): ... —xa remato— se para a calidade educativa utilizan os resultados de PISA, fágansello ver.

Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños: Moitas grazas, señor Abalde.

Pasamos a quenda do Bloque Nacionalista Galego. Cando queira, Señora Fernández, ten a palabra.

A señora Fernández Davila (BNG): Gracias, presidenta.

Eu entendo que a do ruído Bloque esfera ideolóxica, ese papel me toca hoxe a min e non me importa, pero o de manipulación e bulos, señor conselleiro, a verdade que non, porque iso o demostrou toda a comunidade educativa este pasado fin de semana e o leva demostrado toda a comunidade educativa de todo o país ao longo e ancho do país durante todos estes meses desde que empezou o curso escolar, reclamando uns efectivos, a

atención á diversidade, que a vostedes enchen a boca de dicilo, incluso, recórdolle que dende o ano pasado, en 2024, cos orzamentos dese ano, nesta mesma comisión vostedes resaltaban preocupados que estaban pola calidade e non pola cantidade, por exemplo. Así que iso demostra que un ano despois a situación está peor non, moito peor.

Se falamos da Lei de acompañamento destes orzamentos, no que respecta a educación, vostedes introducen unhas medidas extraordinarias relativas ás ratios do alumnado, nas aulas en previsión precisamente da denuncia anunciada polos sindicatos eses minoritarios que asinaron o acordo en outubro de 2023 con vostedes, e ante o seu incumprimento nada máis empezar este curso escolar. Resalta esa Lei de acompañamento a redución progresiva de ratios nas aulas é un cómputo diferenciado para o alumnado con necesidades educativas especiais, incluíndo esta cuestión na Lei de acompañamento o que fan é blindar precisamente a aplicación do acordo de xeito progresivo, nin máis nin menos que en 9 anos. Esta situación o que fai é desvirtuar precisamente o seu obxectivo, que sería, dígoo eu, a mellora educativa da calidade educativa, e deixa por certo tamén nunha situación de discriminación ao alumnado por razón de idade. Efectivamente, este ano se implementou en cuarto de Infantil, ese alumnado, se fai a redución oportuna de número de alumnado nas aulas e, en cambio, se outro alumno, outro irmán está en cuarto de Primaria o en quinto, ese alumno non ten dereito a esa redución de alumnado.

E van vostedes a modificar o Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a lei estatal de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, para acomodar precisamente aos seus intereses, á nova figura que se crea nesta lei, a coordinadora de benestar e protección do marco normativo galego.... que esta lei estatal precisamente, é clara a este respecto, coa creación desta figura que dota aos centros dunha persoa con coñecementos e titulación específica para realizar estas funcións concretas. Esta modificación que fai o Partido Popular desde a Xunta permite sumarlle ou engadirlle unha función máis ao profesorado dos centros, que, como ben sabemos, todos os plans estratexias recaen enriba da súa mesa, para aforrar partidas orzamentarias, imaxino, nun momento precisamente onde está a reducir a formación do persoal.

Dicía Descartes: Es prudente no fiarse por entero de quienes nos han engañado una vez. Xa sei que isto non lle gusta. E, polo que mentres vostedes seguen cos recortes do ensino, o BNG vai impulsar un modelo de políticas que beneficie e poña en valor a calidade deste servizo público, que permitirá unha inclusión real de todo o alumnado, unha inclusión real. Cando vostede antes recrimíname chamar aparcadoiros aos centros, non é que o sexan, grazas ao profesorado precisamente neste momento aínda non é, pero vai camiño diso, se ao final o alumnado que máis o precisa non se lle dá a atención, que precisa, que necesita e que os informes tanto médicos como de orientación din que ten que ter, ao final termina niso, porque ao final os rapaces non avanza, e as familias ven como non se lles acende como é debido.

Nós o que necesitamos é un avance precisamente do alumnado máis vulnerable, a dignificación do profesorado, un sector profesional que xunto co sanitario, pois, leva anos sendo apaleado, ninguneado de xeito permanente, aguantan a diario a falta de recursos,

sobreexceso de burocracia inútil que aínda non se solventou, un volume de traballo excesivo e expostos as reclamacións e presións das familias que, ven, pois deste xeito, que son testigos impotentes da carencia desde os efectivos que os seus fillos necesitan un profesorado que colocaron nas peores condicións laborais do Estado.

Son uns orzamentos, os que presentan vostedes, señor Rodríguez, que reflicten políticas educativas de acoso e derrubo ao público para beneficio das empresas privadas, uns orzamentos que non asumen as necesidades urxentes actuais do ensino e que...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Conclúa, por favor.

A señora Fernández Davila (BNG): reclamaron ao pasado sábado aquí en Compostela Pola contra, O BNG ten alternativas claras aos problemas educativos que padece o noso país e que serán reflectidas a través das emendas que serán presentadas.

Asigna a centros privados concertados 338 millóns de euros, nada máis nin menos. Están abrindo as portas a privatización da Formación profesional, como sucede en cidades onde o 75% da oferta de formación profesional...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Señora Fernández, conclúa, por favor.

A señora Fernández Davila (BNG): ... está en mans privadas.

Ben, das universidades e o GAIN eu creo que xa quedou explicado suficientemente por parte da oposición. E, lonxe do seu modelo Galicia, o que vostedes se negaban a diario, o BNG vén reclamando o dereito a outro tipo de ensino máis xusto e equitativo, ..e gratuíto...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Señora deputada, ten que concluír, por favor.

A señora Fernández Davila (BNG): Concluío agora mesmo.

Practiquen a política, a política con maiúsculas que precisamente é tomar decisións cara a mellorar as condicións de vida das persoas e fágano a raíz deste orzamento de 2025.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Grazas señora Fernández.

Continuamos coa quenda do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a señora Vázquez, cando queira.

A señora Vázquez Suárez (P): Moitas grazas señora presidenta.

Señor Abalde, cando vostede era reitor da Universidade da Coruña, estaba de acordo en firmar o convenio das infraestruturas universitarias, máis o plan de financiamento tamén e incluso dicía que estaba contento porque e vai incrementando ano a ano. Entón non entendo por que agora non lle gusta, se aínda se incrementa máis de cara ao ano que vén.

O Goberno galego penso que demostra con datos concretos e accións claras que prioriza a inclusión, a equidade e a mellora da calidade educativa, con medidas innovadoras en tecnoloxía, infraestruturas e apoio ao alumnado. E fronte á crítica continúa e ideolóxica da oposición, ao final o que valen son os feitos e os feitos o que mostran é que Galicia avanza no fortalecemento dos centros educativos, reduce a taxa de abandono escolar e facilita a formación en todas as etapas.

A credibilidade deste goberno resalta na súa capacidade de cumprir con proxectos ambiciosos, manter o compromiso coas futuras xeracións e seguir traballando con decisión e estabilidade. E o Partido Popular de Galicia leva anos desenvolvendo unha política educativa responsable, sólida e sen improvisacións, que está baseada nos principios de calidade, equidade e liberdade. Isto cun obxectivo prioritario que é favorecer a igualdade de oportunidades.

E volvo a citar, os orzamentos máis altos da historia deste departamento, cun incremento de máis de 120 millóns de euros e o máximo maior número de profesores tamén da historia, destacando tamén esas máis de 1.600 prazas que se van a convocar na nova oferta pública de emprego, nun contexto onde o que vai para abaixo son as matrículas. Tamén falamos desa taxa de abandono escolar dun 9,1 % e tamén, que xa o dixi en varias ocasións o señor conselleiro, a importancia de evitar o peche de algo máis de 200 aulas, tendo en conta que somos a comunidade autónoma máis equitativa do conxunto do Estado, segundo eses informes que tampouco lle gustan, pero ¿non sei de que informes queren que falemos? temos que falar dos informes que hai e, polo tanto, porque son os que contrastan os modelos dunha comunidade autónoma, doutra, do conxunto do Estado, de Europa, etc., etc.

Pero, como dicía, o obxectivo prioritario do Partido Popular é favorecer a igualdade de oportunidades para todos e todas, e para iso incluíronse no noso programa electoral una batería de medidas e ese programa, que é o noso compromiso cos galegos e galegas, con todos e con todas e que xa estamos a cumprir moitas desas medidas. Porque, realmente, señorías, os únicos que vén o modelo do PP, o noso modelo esgotado, son vostedes, a maioría dos galegos escolleron libremente hai uns meses, non hai moitos, o noso modelo e para iso seguiremos traballando.

E dende o Grupo Popular, señor conselleiro e o equipo, si valoramos positivamente as contas para o 2025 e, ademais ,tamén lles desexamos acertos, éxitos e sorte na súa execución, porque, evidentemente, serán os acertos, os éxitos e a sorte do presente e do futuro, dos nenos e das nenas e dos mozos e das mozas.

Máis nada e moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señora Vázquez.

Finalmente ten o señor conselleiro de novo a palabra por un tempo tamén flexible, pero esperemos que non demasiado, de 5 minutos.

Cando queira, señor Rodríguez..

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (señor Rodríguez González): Gracias, presidenta.

En todo caso, agardo rematar antes das 15 horas, sen ningún tipo de dúbidas.

A verdade, señor Ojea, temos que poñernos de acordo, porque algúns nos din que non falemos de números, e outros din que falemos de números. Temos que poñernos de acordo. Pero, como vostede dixo, os números cantan e Ourense é a provincia onde máis medrou o investimento da Xunta neste último ano. Creo que iso é importante. É certo que quizais teñamos que facer moito máis e preocupáanos moito máis e investir moito máis non só tamén espera que nos veña, senón tamén ser máis activos por parte de todos. Pero a verdade é que agradezo unha reflexión, que ás veces xa o teño dito, a relación entre despoboación e o sistema educativo. Eu sempre digo que a despoboación afecta ao sistema educativo e non ao revés, que a despoboación é a causa e non a consecuencia, o sistema educativo nunca é a causa senón que é a consecuencia cando hai algunha problemática nas zonas rurais por parte da poboación, e desgraciadamente hai moitas zonas rurais así.

A verdade é que esta é unha consellería con amplas competencias, polo de agora aínda non temos a competencia de poñer tellado nas casas, pero si puxemos tellado nos centros educativos, e en Ourense cambiamos moitísimos tellados e llo podo asegurar con moitísimo custo económico.

E, respecto ao que vostede dixo de Barbadás, quero darlle unha cuestión, o alcalde de Babadás nunca puxo a disposición da consellería nunca, e moitos anos nunca, o terreo preciso para facer un instituto e, como non o poñía, houbo que tomar unha decisión, e a decisión foi a ampliación do Ferro Couselo, que se inaugurou hai moi pouco tempo e que dá, digamos, absorbe gran parte da demanda de estudos no instituto por parte dos veciños de Bárbaras, pero foi porque nunca se puxo terreo a disposición e houbo que ampliar o Ferro Couselo unha obra moi complexa tecnicamente.

Respecto ao señor Abalde, o señor Abalde que coñece perfectamente o plan de financiamento, se está aplicando, se está desenvolvendo a axenda que está pactada, que estaba asinada sen ningún tipo de problema, creo que diso hai un cumprimento estrito, como sempre houbo. E, se hai algunha cuestión concreta se debate, se analiza e se avalía como vostede sabe perfectamente. É o dato das persoas que se van a beneficiar da

gratuidade na matrícula gratuíta, neste momento non o sabemos, pero van ser moito máis grande do que di vostede. De feito xa temos preto de 10.000, xa se fixo a transferencia a eses 10.000 e contamos con ter un número moi semellante, non podo precisalo para que despois nos digan: enganou en 500 arriba ou abaixo, pero vai ser moito máis. Pero, en todo caso, hai xente que ve, sobre todo as familias o ve moi positivo, e hai xente que, como fai o PP non lle gusta tanto pero, en todo caso, se fixo o único caso en España onde se cubre primeiro para todos e segundo terceiro e cuarto en base a unha porcentaxe de créditos aprobados para non xerar unha desincentivación do esforzo, creo que é o que iso é tremendamente positivo.

Respecto ao Plan de infraestruturas, son diñeiros a maiores que non estaban no plan, como vostede sabe. E fala a Facultade de Farmacia, a Facultade de Farmacia e leva 12 millóns directos da Xunta de Galicia, 12 millóns directo da Xunta de Galicia, e posibilita, asumindo o déficit que supón a parte da Universidade de Santiago, porque hai vontade, se non houbera vontade, pois non se faría, pero hai vontade de facelo, sendo prexudicia, digamos, para as macrocontas da Xunta de Galicia. E claro, vostede cuestiona PISA. ¡Home! Non o sei, eu teño escoitado aquí moitas veces, cuestionamentos de PISA. PISA lle vale a todos os países máis desenvolto. É un indicador que poderá ter axustes, non cabe a menor dúbida, pero o indicador que os países máis desenvolto do mundo asumen e respectan. E a min o que me di a experiencia é que cando un dato de PISA vai mal a culpa é da Xunta, e se vai ben... Isto non vale para nada, iso é moi habitual nos debates, eu teño escoitado nesta sala e máis dunha ocasión.

Como tamén teño escoitado máis dunha ocasión nesta sala como o BNG ten unha visión expansiva da sociedade galega. Nos dixó solememente toda a comunidade educativa de Galicia, creo que se apropián claramente do conxunto da comunidade educativa de Galicia, con todo o que significa. É certo que a constelación ou a galaxia nacionalista vinculado co Bloque, estivo aí, pero non confundan as súas ramificacións sindicais e doutro tipo organizativas o que é a realidade, a realidade moito máis grave, moito máis ampla que as súas ramificacións políticas, falo da CIG, non teñen porque alterarse se digo que hai unha gran conexión entre a CIG e o Bloque, non digo nada novo. ¿Ou acaso é mentira isto? Ao mellor pois teño que pedir perdón pero e estrañaría.

Vostedes, certamente, plantexan case unha fábrica de bulos ou de manipulación, porque seguen insistindo nos recortes do ensino cando con menos alumnos hai máis profesores que nunca e seguen insistindo na calidade. Pero, ¿que dato me dá vostede de resultados educativos que poidamos comparar? ¿que dato me dá? Porque se non, se queda tirado un foguete ao aire e xa está, e xa está. E claro, despois din profesores apareados e que teñen as peores condicións do conxunto do Estado. ¿Vostede sabe en que postos salarial están os profesores galegos, comparativamente co resto de comunidades autónomas? Están, e lle digo eu onde están, que son na 5ª praza do conxunto de España, se sacamos Navarra e País Vasco, están na segunda, practicamente empatada coa segunda.

E despois a privatización é o de todos os anos, pero o din e quedan tan contentos, é como cando falan de recorte. Mire, falou vostede da privatización da Formación profesional,

iso é falso, é un bulo, di que medra máis a Formación Profesional, eu xa o din tamén por parte dalgúns portavoces do BNG, que medra máis no privado que no público. Mire, este ano, nos ciclos de FP, no público incrementouse a matrícula un 7 %, no privado un 2 % e, sen embargo, vostedes din que é xusto, ao revés, se se incrementa un 2 % no privado, é un 7 % no público, é que non hai que discutir iso. Non sei como vostedes seguen falando da privatización progresiva, acusándonos de que estamos desviando...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): señor conselleiro, prégoles que vaia sintetizando.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (señor Rodríguez González):... —Si, xa remato— desviando cara a privatización á ensinanza de FP, cando é unha aposta moi potente, como vostede sabe perfectamente da Xunta de Galicia.

Mire, creo que este curso é o primeiro paso dun proceso de mellora que Galicia desenvolve por vontade propia, que non depende do Estado. Se polo Estado fose seguiríamos as ratios en Infantil e Primaria a 25 a 30, e a 35, e nós queremos modificar iso para mellorar a atención a aqueles alumnos que máis o precisan.

Se incrementaron notablemente as plantillas de profesionais para dar atención educativa específica aqueles alumnos e naqueles centros que cando se computa o alumnado desborda o ratio preexistente. Partimos de cuarto de Infantil e de xeito progresivo, fixemos en tanto en Infantil como Primaria un apoio especial aos centros onde hai alumnos con necesidades educativas especiais. Facemos unha defensa ultranza do medio rural, porque, se non se aplicarán estes criterios moitísimos centros educativos do mundo rural, moito na provincia de Ourense e moitísimo na provincia de Lugo, estarían ameazadas. E iso vostedes non o ven, é obvio que non o ven, porque se ven que se privatiza a FP, se ven que hai recortes, se ven que non hai calidade educativa, pois ven calquera cousa, ven, efectivamente, o que queren, porque o velo que temos ou que teñen algúns enfronte dos ollos, é moito máis poderoso que a contundencia e a realidade dos datos e dos resultados que existe.

En todo caso, creo que ao final sempre o tempo dá e quita razóns. Tamén é certo que algúns van evolucionando de pasar dun rechazo brutal a unha serie de medidas que están implementando agora, son uns, son os seus principais defensores, Perfecto o agradecemos. Pero en todo caso, hai unha cuestión moi importante, que é a credibilidade que se manifesta en asuntos como as matrículas gratuítas. Se dixo en campaña electoral, se planificou todo e se executou, porque é moi importante que as persoas poidan confiar nos políticos, tremendamente moi importante que poidan confiando no que din os políticos, podemos equivocarnos, pero o que non podemos é enganar aos cidadáns. O que se di hai que facelo e o que se fai hai que dicir.

E fronte a iso, eu vexo que cada vez máis, a fábrica de agudos, de mentiras, de confundir cos datos, pois non nos leva a ningunha parte, señoría, non nos leva a ningunha parte

porque ao final todo o que facemos se materializa nos datos e materialízanse nos resultados e materialízanse nos diferentes informes nacionais e internacionais. E xa lles dixen anteriormente que lle invíto a vostede a consultar os manuais feitos por un ministerio, onde entenderá a Xunta de Galicia ou o Partido Popular non pode estender os seus tentáculos e a partir de aí, pois vostede, igual que algúns outros poderán seguir dicindo o que queiran, pero a realidade é unha e a realidade é tozuda, e os datos son tozudos, como son os datos de PISA, como son os datos que dá o ministerio, como son os datos que ao final posibilitan que Galicia teña...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Señor conselleiro, a realidade temporal tamén é unha. Prégolle que vaia concluíndo.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (señor Rodríguez González):... un dos mellores sistemas educativos de España, onde temos feito moito, onde nos queda moito tamén por facer, pero en todo caso, lanzar mensaxes catastrofistas, dende logo, non axuda nada, nada a ningún alumno, especialmente nunha axudan nada a aqueles alumnos que máis o precisan.

Moitas grazas.

Moitas grazas señora presidenta e desculpe polo retraso.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas a vostede e ao seu equipo, aos grupos parlamentarios e aos servizos da Cámara polo seu traballo.

Reanudamos a sesión ás 16 horas.

Suspéndese a sesión ás 14.50 horas.